

O TSXG respalda aos traballadores de Alcoa impedindo paralizar as cubas

Os traballadores de Alcoa seguen na pelexa por manter o traballo, mentres reciben o constante apoio de veciños e políticos. A última foi o fallo do TSXG, que prohibe a Alcoa levar a cabo calquera actuación que supoña a parada das cubas. Os maxistrados entenden que a empresa pode executar os despedimentos e deter a produción, pero debe manter as cubas en situación de retomala de maneira inmediata por se o ERE fose considerado nulo. Mentres tanto, non faltan as voces que reclaman a intervención pública para garantir a súa continuidade, malia que o Ministerio de Industria pechou esa posibilidade. **Pax. 2**

Volven as restricións

Burela e Viveiro, en alerta vermella, pechan a hostalaría e endurecen as medidas de control da covid-19 que ten un gromo na residencia de San Cibrao

Os casos activos de coronavirus en Galicia soben e na área sanitaria de Lugo superan o milleiro. Isto levou a endurecer as medidas de control nos concellos máis afectados, que na Mariña son Burela e Viveiro. Ao toque de queda e á prohibición de reunión de grupos de máis de 6 persoas, vivente en toda a comunidade, súmanse medidas máis duras para os concellos en alerta vermella, co peche da hostalaría ao completo e das actividades non esenciais ademais de reducir os aforos en actividades culturais e permitir só a práctica deportiva individual. Cervo está en alerta polo gromo da residencia de maiores **Pax. 3**



a mariña. Comezan os prototipos de sistemas anti-tinéboa para a A-8. **Pax. 4**

foz. O Concello pon en marcha a campaña imPULSA FOZ. **Pax. 6**

burela. O Concello asina convenios de axudas con varias asociacións. **Pax. 12**

lourenzá. A Deputación inviste na construción dun depósito de auga. **Pax. 18**

cervo. Abertos os prazos para solicitar diferentes axudas. **Pax. 21**

xove. Dos primeiros en instalar tótems de acceso térmico. **Pax. 23**


barreiros. O Concello céntrase no abastecemento e melloras na rede. **Pax. 24**

Viveiro recupera a súa cita coa historia



Acolle as Xornadas de Historia e Arqueoloxía. **Pax. 9**

Volven as Xeorutas de outono e inverno



Burela recupera as rutas xeolóxicas. **Pax. 13**

Comeza un novo Outono Cultural



Lourenzá acolle os sábados varias presentacións. **Pax. 18**

A Deputación pide claridade nos datos da covid-19

O Pleno reclama á Xunta de Galicia transparencia nos datos de contaxios e unha liña de diálogo e colaboración permanente cos alcaldes e coa propia institución provincial para combater a covid-19.

Así mesmo, acordouse pedir á Xunta que informe diariamente, de forma telemática, aos concellos que teñan positivos por covid-19 dos datos que lles afectan de xeito claro e transparente. **Pax. 27**

Entre ti e mais eu hai conexión

Amarás a túa fibra! É a que recomenda Jesús Calleja



Chama xa GRATIS ao
900 651 679



FIBRA
1.000 Mb

MÓBIL
20 GB

Leva ata un
80 % de dto.
durante 3 meses

Despós 44€/mes

8€
/mes

adamo
Fibra · Móbil · Fixo



QUERES GAÑAR UN PORTÁTIL LENOVO?
Participa xa! Só tes que rexistrarte en:
www.adamo.es/lenovopc



Oferta válida para novos clientes que contraten entre o 01/10/2020 e o 09/11/2020, ambos incluídos. Non se pode combinar con outras promocións. Internet FAST! + Móbil ilimitado 20Gb PVP total 44€/mes, coa promoción, durante os primeiros 3 meses, só pagarás 8€/mes. Prezo final con IVE e cota de IFA incluídos. Promoción suxeita a permanencia cos servizos Adamo de 12 meses. Alta e instalación gratuítas. Consulta as bases legais do sorteo do portátil Lenovo en <http://adamo.es/bases-legales-sorteo-lenovo>

A MARIÑA

O GDR Terras de Miranda conclúe o seu proxecto de impulso ao Camiño

O GDR-1 Terras de Miranda presentou os resultados finais do proxecto Impulso e promoción de experiencias á beira do Camiño de Santiago no territorio comprendido polo GDR Terras de Miranda, proxecto subvencionado dentro do programa O Teu Xacobeo. Dentro desta xornada realizouse tamén unha conferencia impartida por Juan Ramón Fernández Pacios co título A Mariña no Camiño Norte para poñer punto e final a este proxecto.

O obxectivo do mesmo era a posta en valor das experiencias e singularidades do ámbito xeográfico de Terras de Miranda en relación ao Camiño de Santiago Norte mediante a creación de actividades de dinamización e a posta en marcha de accións de comunicación para a súa promoción e difusión.

ACTIVIDADES. Durante o desenvolvemento do mesmo realizáronse catro actividades. A primeira foi Saborea a Mariña-IXP Faba de Lourenzá, coa posta en valor da riqueza gastronómica da Mariña que terá como eixo vertebrador a IXP Faba de Lourenzá. A actividade baseouse nunha visita organizada ao Centro de Interpretación da Faba, á Cooperativa Terras da Mariña, unha degustación de produto local no Pazo de Tovar a cargo do Forno de Tovar e unha mostra de música e baile galego a cargo da Asociación Cultural Osorio Gutiérrez.

A segunda foi Unha viaxe no tempo a través do Camiño do Norte, coa posta en valor do patrimonio cultural material e inmaterial relacionado co Camiño de Santiago. Esta actividade baseouse nunha visita guiada polo Casco Histórico de Mondoñedo e unha conferencia "O Camiño do Norte, tres décadas de percorrido" a



cargo de D. Manuel Valín Valdés. Coa Andaina polo Camiño do Norte, púxose en valor do patrimonio natural, patrimonial e cultural dos territorios (Ribado, Trabada, Lourenzá e Barreiros). A actividade consistiu nunhas visitas guiadas polo Casco Histórico de Ribadeo, área recreativa de Ría de Abres, Alto da Cadeira, Mosteiro de San Salvador e Ponte de Arante. Realizando tamén unha visita guiada e degustación á Fábrica de Cervexa Artesá Augas Santas. Continuaron con Cultura entre as mans- Artesanía de Terras de Miranda, coa posta en valor do patrimonio artístico da Mariña a través dunha experiencia que fomenta o coñecemento das tradición e da artesanía local do territorio. A actividade consistiu nunha visita guiada polo Barrio dos Muiños en Mondoñedo pasando polo Taller artesán de Alfarería e por último unha visita ao Taller do Canteiro Fernando Vilariño- Punteiradas Viladepedra. Finalmente, dentro do proxecto realizouse un dossier promocional de experiencias do Camiño Norte "Vive el Camino del Norte" e un audiovisual promocional do mesmo, onde se resalta a riqueza patrimonial, cultural, artística, natural e humana do mesmo.



Concentración realizada polas rúas de Lugo en protesta pola negativa de Alcoa á venda

Amparo xudicial

O TSXG respalda aos traballadores de Alcoa impedindo paralizar as cubas pero non o ERE mentras continúan as medidas de presión con concentracións

Os traballadores de Alcoa seguen na pelexa por manter o traballo na Mariña, mentres reciben o constante apoio de veciños e políticos, así como das institucións.

Tralo fracaso da venda de Aluminio a Liberty House e que a empresa anunciase a posta en marcha do ERE, comezou unha nova tanda de protestas e concentracións.

A Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acolleu en parte a solicitude de medidas cautelares presentada polos sindicatos Comisiones Obreiras de Galicia (CCOO), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Unión General de Traballadores de Galicia (UGT Galicia) e ordena a Alcoa que se absteña de "levar a cabo calquera actuación dirixida a facer efectiva a parada das cubas" na factoría de San Cibrao.

Os maxistrados entenden que sería unha medida "desproporcionada" outorgar á Sociedade Española de Participacións Industriais (SEPI) a administración da planta de aluminio mentres dure o proceso de impugnación de despedimento colectivo e se dite sentenza firme. O tribunal manifesta que, en lugar da admi-

nistración, a intervención sería, en todo caso, unha "medida alternativa igualmente eficaz e menos prexudicial" para a empresa.

Os xuíces indican no auto que esta intervención, que estaría orientada a controlar as actividades desenvolvidas na planta co obxectivo de manter as cubas en situación de reiniciar de inmediato tras unha eventual cualificación do despedimento colectivo como nulo, non concorda, con todo, coa posición procesual da Avogacía do Estado. Así, sinalan que, ademais de manifestar na vista que non asistía en representación da SEPI, o avogado do Ministerio de Industria asegurou que consideraba "desproporcionada a administración ou intervención xudicial da planta".

A Sala analiza tamén no auto que dá resposta á solicitude de medidas cautelares, a pretensión dos sindicatos de que por orde xudicial Alcoa se absteña de despedir aos traballadores afectados polo ERE. Os xuíces conclúen que isto non é posible, pois "trastornaría os límites e prazos" que debe cumprir a empresa con respecto ao expediente de regulación de emprego. Tampouco se acolle por

parte do tribunal a pretensión de que se ordene á factoría que manteña a actividade, por consideralo unha "medida desproporcionada".

Finalmente, sobre a solicitude de que se obligue a Alcoa a manter as cubas en situación de retomar a produción de maneira inmediata, os maxistrados entenden que ese mantemento "devén imprescindible no caso hipotético da inmediata readmisión que se derivaría dunha declaración de nulidade do despedimento colectivo".

Mentres tanto non faltan as voces que reclaman a intervención pública da factoría para garantir a súa continuidade. Pola contra, o Ministerio de Industria pechou a posibilidade de intervir a factoría no sentido de expropiala ou nacionalizala.

Aínda así, os traballadores continúan concentrándose a diario ante a fábrica e participando nunha gran parte da vida social, cultural e deportiva da mancomunidade facendo ver a situación na que se atopan.

A maior concentración tivo lugar o 24 de outubro polas rúas de Lugo, na que participaron centos de traballadores.

ThinThin ESPECIAL PROGRESIVAS **SOLO ESTE MES**

EL 2º PAR DE GAFAS PROGRESIVAS POR 1€ MÁS*

Para ti o para quien tú quieras.

BURELA: C/ROSALÍA DE CASTRO, 25 (E-27-000134) + 982 58 21 70
FOZ: AV. DA MARIÑA, 40 (E-27-000140) + 982 13 30 66

ALAINAFFLELOU
El óptico loco por ti

D&A

Díaz & Abad
abogados

NOSOTROS ENCONTRAMOS LA VERDAD
SERVICIO DE DETECTIVE PRIVADO

Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243
Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES

Endurécense dende o venres as restricións en Viveiro e Burela


Un 60% da poboación de Galicia estará sometida dende o venres a novas restricións para intentar frear o avance da pandemia de coronavirus. Burela e Viveiro son os únicos dous concellos da Mariña que terán que someterse ás novas medidas anunciadas polo presidente da Xunta. Na provincia tamén están afectados Lugo e Monforte.

O peche de toda a hostalaría e as actividades non esenciais durante un mes é o rasgo máis distintivo da nova situación que se suma a medidas anteriores como o toque de queda entre as 23.00 e as 6.00 horas. Si poderán manterse os servizos a domicilio e para levar.

Mantense tamén o peche perimetral dos 60 concellos afectados polas medidas, polo que as entradas e saídas dos municipios quedan prohibidas, mentres que as reunións sociais nestes municipios quedarán limitadas a conviventes. No resto de Galicia elévase a seis o máximo de persoas nas reunións.

O comercio continuará mantendo a súa situación actual e tampouco afectan o desprazamento por motivos laborais, educativos e sanitarios, que seguirán estando permitidos ao 100%.

A práctica deportiva só poderá levarse a cabo de forma individual, permitíndose a apertura dos ximnasiais pero con redución de aforo.



As actividades culturais tamén reducen o seu aforo con 30 persoas no interior e 75 no exterior.

OS ÚLTIMOS DATOS. Na decisión tomada polo comité de expertos influíron os datos, que continúan á alza. A área sumou este mércores 72 novos positivos. Deste xeito, a cifra total de casos activos pasa a barreira sicolóxica do milleiro.

Volve subir a presión hospitalaria e xa son 42 os ingresados, concentra-

da no Hula e na Mariña, situación marcada polo gromo detectado na residencia de maiores de San Cibrao. Os falecidos tamén pasaron a barreira dos cen.

Palas de Rei incorpórase ao nivel laranxa de alerta, e Xove e Outeiro de Rei pasan ao un. Pola contra descende o nivel de alerta en Cospeito e xa están en amarelo e Sarria volve a cero. Ademais, Cervo, Monforte de Lemos, Viveiro, Burela e Lugo mantéñense no nivel vermello.

Novembro contará con tres roteiros

Na Mariña Lucense continúan pateando e descubrindo as riquezas naturais e culturais do territorio, e novembro volve cargadiño de propostas de AMariñaenRuta.

Así, darán comezo o 7 de novembro coa ruta O Ribadeo dos comerciantes, a cargo de Sofía López. Neste paseo guiado percorrerase o Centro histórico de Ribadeo. A ruta dará comezo ás 10.30 horas e terá unha duración de 2 horas e media aproximadamente.

Hai tramos de escaleiras (información para persoas con mobilidade reducida ou con carros de bebé).

O 15 de novembro será a queda de San Cibrao, Porto Baleeiro, dende a Idade Media ata a actualidade, a cargo de Anxo Cao. Coa mesma hora de inicio da ruta, esta terá tres horas de duración aproximadamente. Partirá dos asteiros Fra Rico nun trazado circular de dificultade baixa.

O 21 de novembro chegará o tem-

po dos cogomelos no Valadouro coa ruta Cogomelos do noso monte, con Pedro Rolle, que terá como punto de partida a Fraga das Lérias. Debido á dificultade de comunicación da zona, o lugar de quedada é en Ferreira. Dende alí haberá que desprazarse todos xuntos, cada un no seu vehículo, ata o lugar de inicio do roteiro. A ruta dará comezo ás 10:00 h e durará tres. Partirán de Ferreira do Valadouro e percorreren 4 km.

Cociñando A Mariña Lucense lanza un concurso de receitas



Foto promocional do concurso Cociñando A Mariña Lucense

A iniciativa Cociñando A Mariña Lucense, posta en marcha pola Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense en colaboración coa FCAM e co apoio da Axencia de Turismo de Galicia, lanza un concurso de vídeo-receitas para o público xeral despois de ter dado a coñecer o traballo dos distintos produtores existentes no territorio durante case un mes.

O certame desenvolverase ata o 22 de novembro. Para participar hai que gravar en vídeo unha receita elaborada cos alimentos que se pro-

ducen na Mariña como ingredientes principais do cociñado. Gañará a vídeo-receita máis orixinal, que facendo uso de alimentos da Mariña Lucense, mostre tradición e innovación, tanto na realización do vídeo como na elaboración da receita.

Os premios consistirán nunha fin de semana no Hotel Rías Altas de Barreiros para dúas persoas, unha Ruta da Faba de Lourenzán para dúas persoas e unha cesta de alimentos da Mariña Lucense.

Os vídeos deberán enviarse a cociñando@amarinalucense.gal

A Uned ofrece estes meses cursos de varias especialidades

A Uned, Aula Universitaria de Foz, ofrece para estes meses varios cursos cunha duración variable e con diferentes temáticas.

Nesta tempada haberá cursos de primeiros auxilios, de monitor de tempo libre ou de linguas como inglés e galego, entre outros.

O primeiro será sobre *La formación docente*, e se impartirá do 5 ao 25 de novembro e de 17 a 19 horas. Continuarán con outro que leva por título *Primeros auxilios psicológicos en situaciones de emergencia y crisis*, que ten como data de celebración entre o 6 e o 18 de decembro e de 18.30 a 21 horas.

Continuarán cunha nova forma-

ción de monitor de tempo libre, un curso Homologado pola Xunta de Galicia que se celebrará do 21 de novembro de 2020 ao 6 de marzo de 2021.

Do 26 de novembro de 2020 ao 25 de febreiro de 2021 farán o B1 de inglés e seguirán do 30 de novembro ao 4 de decembro con *Biodiversidad y Conservación Marina I*. Tamén inclúen a preparación do Celga 3 e 4 entre o 8 de xaneiro e o 12 de marzo de 2021 e de 16 a 19 horas.

A última cita será con *Procedimiento administrativo para opositores*. Impartirase do 30 de novembro ao 3 de decembro de 2020.



ALQUILER DE AUTOMÓVILES EN A MARIÑA

- Coches urbanos, compactos, berlinas y SUV, vehículos como nuevos y equipamientos de alta gama.
- Monovolumen de 9 plazas disponible.
- Posibilidad de recogida y devolución en los aeropuertos de A Coruña, Avilés y Santiago de Compostela

RENTING DE VEHÍCULOS. TRABAJAMOS CUALQUIER MARCA O MODELO. ¡CONSÚLTENOS SIN COMPROMISO!

T. 639 752 514 • armando@talleresarmando.com • www.talleresarmando.com

RIBADEO: Avda. Ría de Ribadeo, 20 - 27700 Ribadeo (Lugo)
Tlf./Fax: 982 120 803

FOZ: Crta. General, 1 - Forxan - 27789 Foz (Lugo)
Tlf.: 982 141 554 / Fax: 982 132 144

XOVE: Polígono Camba, 31 - 27870 Xove (Lugo)
Tlf.: 982 102 020 / Fax: 982 102 021

Mondoñedo e Lourenzá renovan os convenios das áreas de rehabilitación

A Xunta vén de asinar novos convenios para dotar de fondos ás áreas de rehabilitación integral de Lourenzá e Mondoñedo, que acumulan unha dotación de máis de 1 millón de euros para a rexeneración urbana. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, explicou que a distribución de orzamentos realízase en función das solicitudes presentadas polas administracións locais que contan con áreas declaradas e tendo en conta o grado de cumprimento en cada concello dos obxectivos asignados en anteriores repartos. Así, Mondoñedo asina un novo por 190.500 euros e ten en marcha outros por importe de 674.000 euros. Pola súa banda, Lourenzá recibe 48.400 euros que suma aos 205.100 que está executando. Os beneficiarios finais dos fondos son os propietarios de vivendas e edificios emprazados no ámbito das Áreas de Rehabilitación Integral, que recibirán axudas a fondo perdido para as actuacións de rehabilitación.

Comeza a fase de experimentación con prototipos de sistemas antinéboa na A-8

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, Mitma, iniciou a fase de construción de prototipos e experimentación en campo de solucións innovadoras para resolver os problemas causados pola néboa á circulación viaria no tramo da Autovía A-8, entre Mondoñedo e A Xesta, na provincia de Lugo. Mitma formalizou a finais de 2019 sete contratos de servizos de investigación e desenvolvemento da Compra Pública Precomercial (CPP), para o deseño, implementación e experimentación con prototipos de tecnoloxía innovadora relativa a sistemas de protección antinéboa na Autovía A-8, entre Mondoñedo e A Xesta. Tres deles, (correspondentes ao lote 1), para o desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas en sistemas de axuda á condución en situacións de néboa, e os catro restantes (lote 2), para o desenvolvemento de solucións innovadoras baseadas en sistemas que actúan sobre a néboa, mediante o seu illamento, elimina-



Imaxes de dous dos proxectos que se están a probar na zona de néboa da A-8


ción ou desprazamento. O importe total dos contratos de servizos é de 5,64 millóns de euros. A CPP está a desenvolverse en competencia por fases temporais de carácter eliminatorio e de forma independente para cada lote. Nese marco, iranse seleccionando progresivamente as mellores solucións para resolver a problemática actual. Unha vez finalizada a fase de demostración da viabilidade das solucións propostas, empezan con fase de construción e experimentación en campo a escala real cos 4 prototipos

seleccionados, con obxecto de verificar o correcto funcionamento dos desenvolvementos teóricos nunha contorna real nas condicións de néboa características do tramo da A-8 entre Mondoñedo e A Xesta. Esta Fase 2, que agora se inicia, virá condicionada pola presenza de eventos de néboa durante o período de realización das probas. As dúas propostas correspondentes ao lote 1 de axuda á condución, que superaron a fase 1 consisten nun sistema de balizamento lateral da vía con luz láser e nun sistema de sinali-

zación horizontal con tecnoloxía LED proxectada sobre a calzada. No caso das dúas propostas correspondentes ao lote 2 sistemas que actúan sobre a néboa, que superaron a fase 1, baséanse nun sistema de difusión automático por aspersores de materiais higroscópicos e na combinación de barreiras estáticas e barreiras dinámicas que empregan dispositivos fluído-mecánicos. Unha vez validada a tecnoloxía ensaiada, procederase a unha contratación convencional para a construción dos sistemas antinéboa seleccionados.

HUMOR RURAL

Son inmune!!



Seis concellos reciben axudas para mellorar instalacións culturais

A Xunta concedeu achegas que suman 68.200 euros a seis concellos da Mariña para mellorar instalacións e locais destinados á realización de actividades culturais. Os municipios beneficiarios son Trabada, A Pontenova, Alfoz, O Vicedo, O Valadouro e Oourol. Mediante esta liña de achegas, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade colabora cos concellos na dotación de infraestruturas e equipamentos axeitados para desenvolver os seus programas culturais. No conxunto da provincia, as axudas benefician a trece concellos e suman un im-

porte total de 190.000 euros. Así, en Trabada realizarase o equipamento para a musealización do Centro Etnográfico José Rocha; na Pontenova a mellora do salón de actos da casa da cultura, en Alfoz equiparase a biblioteca, no Vicedo a accesibilidade do local social de Sanramón, no Valadouro as instalacións do centro Manuel Lourenzo e en Oourol equiparase a impresión de carné para a biblioteca. Os proxectos máis subvencionados serán o do Vicedo con 30.000 euros, e o de Trabada, só uns euros menos. Pouco máis de 3.500

aportan ao do Valadouro; mil euros menos ao de Alfoz e outros mil menos ao da Pontenova. Finalmente, Oourol recibirá 651 euros. Esta orde de subvencións achega financiamento para actuacións relativas ao equipamento e mobiliaxe de locais; a realización de obras de reforma, ampliación, modernización ou mellora de inmobles, así como a adquisición de materiais técnicos vinculados ao desenvolvemento da programación cultural do local para o que se solicita a axuda, e en concreto.

do 30 de outubro ata o 8 de decembro (ambos incluídos)

RESTAURANTE
CASA
DAMIÁN
DESDE 1942
Foz

Kornadas da
Caza e
Cogumelos

Avda. de Colón, 5
27780 Foz
Tel. 982 132 450 (Reservas)

“O noso aspecto diferenciador é a profesionalidade e o trato exclusivo”

David Gómez Rosa é o xerente e fundador de Viveiro Asesores

Hai xa quince anos que abriu na cidade do Landro Viveiro Asesores, ao fronte do que se atopa David Gómez Rosa.

Como xurdiu a idea?

Dunha maneira moi natural. En primeiro lugar, porque estudei Administración e Dirección de Empresas (sempre me tirou a rama empresarial). E en segundo lugar, porque teño vocación de axudar aos demais. Isto orientoume rapidamente cara ao asesoramento. Xa cando estaba no instituto e na universidade encargábame de presentar as miñas propias bolsas e, ademais, de axudar aos meus compañeiros para presentar as súas. Sempre me gustou poñerme na pel dos demais e ofrecer esa axuda que necesitan para orientarles a conseguir as súas metas: laborais, empresariais e persoais. Encontro moi satisfactorio ter un despacho desde o que podemos axudar a outras empresas e particulares a conseguir os seus obxectivos, guiarles no camiño, tratar de evitarlles o maior número de problemas e ofrecerlles toda a axuda posible.

Que tipo de servizos prestan en Viveiro Asesores?

Realmente prestamos unha gran variedade de servizos. Unha relación resumida dos mesmos abarcaría a contabilidade e confección de impostos, contratos e nóminas, administración de comunidades, contratación de seguros e solicitude de subvencións, entre outros.

Cales son os servizos máis demandados?

As empresas demandan todos os servizos relativos ás súas obrigacións fiscais e laborais. En xeral, todos os trámites a realizar coas distintas administracións. E os particulares, confección de declaracións de renda, impostos de sucesións e doazóns, así como contratación de seguros de todo tipo. A administración de comunidades de propietarios tamén é un servizo moi demandado.

Cantas persoas son?

Actualmente, somos cinco que levamos as distintas áreas de Contabilidade, Laboral, Seguros, Comunidades e Outras xestións, compartindo

a mesma filosofía de profesionalidade e vocación de servizo.

Cal diría que é o aspecto diferenciador da súa empresa?

Creo que a profesionalidade unida ao trato exclusivo ao cliente. Somos Xestoría Administrativa Colexiada así como Administración de Leiras Colexiada, buscamos a profesionalización dos nosos servizos e a formación continua dos nosos asesores, todo, para poder ofrecer a cada cliente a mellor solución á súa situación concreta. Hai que valorar cada caso de forma individual e atender a unha visión de 360 graos, xa a que hai que ter en conta múltiples aspectos, de diferentes áreas, que poden afectar, entre si, e no resultado final de calquera actuación. En definitiva, a tranquilidade dos nosos clientes e a optimización de recursos para que consigan a mellor situación económica posible, é o que nos guía.

Cambiou o seu traballo nestes últimos tempos debido á pandemia?

En esencia non, segue sendo coñecer a legalidade vixente para aplicala



David Gómez Rosa, xerente de Viveiro Asesores, no seu despacho

a cada cliente de forma particular e que cada un poida cumprir cos requisitos impostos tratando de optimizar a súa situación económica. O que si que variou foi o volume de traballo asumido debido á cantidade inxente de normativa que saíu publicada desde marzo, a velocidade dos cambios de criterio e incerteza xerada coas distintas interpretacións das normas e a dificultade de poñer en marcha as medidas por parte da Administración. Neste sentido, os xestores temos asumido unha parte importante do peso das xestións de empresas e traballadores durante a actual situación de pandemia.

Cal é o seu radio de actuación?

Temos clientes de toda Galicia, aínda que a maior porcentaxe é de empresas e particulares da Mariña.

Que proxectos teñen para futuro?

Estamos a explorar a ampliación dos nosos servizos cara o marketing dixital. A idea é que, non só ofrezamos aos nosos clientes o asesoramento desde o punto de vista de obrigacións formais, senón ir un paso máis aló e poder ofrecerlles, dentro do servizo de administración e dirección de empresas, asesoramento sobre accións que lles leven a incrementar a súa cifra de facturación a través do marketing dixital, que xa non é o futuro, senón o presente. Ademais, coa contracción da demanda debido á pandemia, faise case imprescindible acometer este tipo de actuacións para poder manter e mellorar as vendas das empresas. É algo que estamos a probar, con éxito, para varios dos nosos clientes.

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

HR

Hijos de
Ramón Rubal

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

COMPRAMOS
MADERA

PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

NOVAS

foz

A Deputación financiará a compra dunha desbrozadora

A área de Medio Rural colaborará co Concello na adquisición de maquinaria desbrozadora para o mantemento das zonas verdes e dos núcleos rurais. A deputada Mónica Freire Rancaño anunciou unha achega de 17.100 euros para a compra do equipo, dotado con corte combi e desbrozador, a través dun convenio asinado co primeiro tenente de alcalde e responsable de Patrimonio, Medio Ambiente, Medio Rural e do Mar, Francisco Xavier Fanego Bermúdez. “Desde a área de Medio Rural da Deputación de Lugo estamos a facer un esforzo para que os concellos poidan dispoñer dos medios suficientes para o mantemento das zonas rurais e a conseguinte prevención e extinción de incendios” explicou a deputada nacionalista. Fanego detallou que “se trata dun equipo de desbroce demandado polo persoal de xardinería do Concello e moi necesario para realizar de forma eficiente as tarefas de limpeza e mantemento de espazos públicos”.

En marcha a campaña imPULSA FOZ de reactivación económica

O Concello focense presenta imPULSA FOZ, unha campaña nova que busca reactivar o municipio en todos os ámbitos: cultural e económico, pero tamén anímico e social. Foi presentada polo alcalde, Fran Cajoto; o concelleiro Chema Linares; e o presidente da Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Foz, José Carlos Paleo. O rexedor municipal explica: “trátase de facer distintas iniciativas baixo un mesmo paraguas, transmitindo positividade. Dentro dun contexto moi complicado de pandemia do covid-19 todas e todos tivemos que aprender a convivir co virus e a ser responsables da nosa saúde, a título individual pero tamén colectivo”. O alcalde relaciona as distintas liñas que se programan, con actividades que nalgún caso xa están a comezar e noutros atópanse nunha fase inicial de desenvolvemento: imPULSA CULTURA potenciará a



Presentación do programa no salón de plenos municipal

tradicional programación cultural con accións novas. Dentro de imPULSA SAÚDE organizarán un ciclo de conferencias grazas sobre distintos problemas de saúde. Este ano enfocárase tamén á pandemia. imPULSA LECER. Haberá propostas e colaboracións para facer máis ameno o tempo libre. Finalmente, en imPULSA COMER-

CIO faranse campañas de promoción do comercio local. A campaña imPULSA FOZ “contará cunha importante promoción neste sentido, poñendo en valor un Foz que é moi posible: incidindo na nosa vila como sitio idóneo para teletraballar e que se converta en lugar de residencia para xoves e novas familias”, destacou Fran Cajoto.

Adxudican a obra dunha rampla na residencia de maiores local

O Concello adxudicou por 37.000 euros a construción dunha rampla para mellora a accesibilidade á Residencia de Maiores e a esta zona de Marzán. A obra é financiada con cargo ao Plan Único 2020. O alcalde recordou que “no plenario de febreiro de 2019 houbo un acordo unánime ante unha moción presentada por Foz Plataforma de Futuro para posibilitar esta mellora. Desde o Concello creemos que hai que ser moi serios co gasto público e facer investimentos en infraestruturas que procuren un bo servizo. Neste sentido a rampla de acceso dará servizo non só á residencia, senón tamén a todos os veciños de Marzán da zona, moi poboada nas edificacións da Costa do Castro”. A rampla, de 33 metros de lonxitude e 1,6 metros de anchura, salvará un desnivel de algo máis de 2 metros, permitindo conectar a rúa do Asilo coa rúa Costa do Castro e mellorando deste xeito a accesibilidade. O prazo de execución será de 3 meses.

Mellora a sinalización turística

O Concello vén de adxudicar a mellora da sinalización turística do municipio por un importe de 22.506 euros, froito dun convenio de colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia dentro do seu plan de promoción turística. A Axencia pon 14.707,55 euros e o Concello aporta 7.919,45 euros. Colocarase máis de 30 sinais novas, farase a reposición de vellas e a substitución doutras, tipo AIMPE urbanas e direccionais, para recoller recursos tan importantes para o noso concello como a Basílica de San Martiño, o Castro de Fazouro e os distintos areas, dende A Ra-

padoira e Tupide ata Areoura pasando por Llas, Peizás, Pampillosa, Arealonga, Xuncos e Polas. Tamén se sinalizará adecuadamente a oficina de turismo e A Mariña Virtual, no Centro de Interpretación da Mariña Lucense, Cenima. O edil de Turismo considera que é “unha actuación moi necesaria dado o déficit neste tipo de infraestruturas no Concello. Culmina así un arduo traballo de varios meses, no que estiveron implicadas varias administracións, como a Deputación de Lugo, Costas, Portos e Fomento, aos que tivemos que solicitar as autorizacións sectoriais”.

O Concello acondiciona unha senda peonil e para bicicletas

O Concello de Foz está acondicionando con medios propios unha senda peonil e para bicicletas baixo a estrada Nacional 642 na parroquia de Nois, que servirá de conexión entre o paseo marítimo da praia de Arealonga e o camiño a Lousada. O alcalde, Fran Cajoto, que supervisou as obras xunto co concelleiro Javier Fraga, explica que “o Concello de Foz continúa a promover a mobilidade sostible e a favorecer a práctica de deporte ao aire libre e as rutas seguras para peóns. É

por isto que se está procedendo a acondicionar un camiño existente baixo a N-642, na praia de Arealonga. Agora mesmo ese vial estaba impracticable, coas cunetas aterradas, sen desaugues e cheo de broza e maleza. O obxectivo é facilitar un camiño seguro para cruzar a N-642 neste punto, aproveitando o paso inferior existente baixo a estrada nacional. Non é un investimento de gran contía, pero si servirá para aumentar a seguridade vial entre os veciños de Nois que opten por este punto para cruzar a estrada”.



A futura senda

ESTABLECIMIENTOS
REY
www.establecimientosrey.com

Avenida Diputación, 88
27870 Xove | Lugo
Tel. 982 592 006
rey@establecimientosrey.com

TU TIENDA DE SIEMPRE

ahora también es
online

www.establecimientosrey.es



BUSCA



ELIGE



CORRE

A Deputación investirá na obra de mellora da estrada de San Acisclo

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, anunciou o ensanche e mellora da estrada provincial LU-P-0210, que une A Seara, en Alfoz, e San Acisclo, en Foz. Tomé Roca, responsable da área de Xestión Territorial, avanzou a realización deste proxecto durante a visita que realizou esta mañá a Foz, xunto á deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, e o alcalde do municipio, Francisco Cajoto Caserío.

O mandatario provincial explicou que o proxecto xa está redactado e en proceso de revisión para a súa aprobación proximamente na Xunta de Goberno. O investimento da Deputación será duns 130.000 euros, entre as propias obras e a compra por mutuo acordo dos terreos necesarios. Así mesmo, informou que os traballos, que se levarán a cabo entre os puntos quilométricos 5,1 e 5,3, consistirán na ampliación e acondicionamento da vía con aglomerado en quente, así como na dotación de iluminación e beirarrúas.

O presidente subliñou que con estas



Visita do presidente da Deputación ás distintas obras que se realizan

actuacións “resolvemos un problema de seguridade, pois actualmente a vía é moi estreita e está deteriorada”. Neste eido, José Tomé explicou que se verán beneficiados numerosos veciños e veciñas ao tratarse dunha estrada que soporta moito tráfico ao ser unha das vías que une Foz con Alfoz, sendo o camiño máis curto para chegar á costa da Mariña, ademais de pasar moitos camiións debido ao serradoiro desa estrada”.

MÁIS MELLORAS. O presidente aproveitou a visita para supervisar actuacións acometidas pola Depu-

tación no concello de Foz. Concretamente, a institución provincial, a través do Parque Móbil, acaba de rematar a mellora con emulsión asfáltica de case quilómetro e medio da estrada de Brea, en Nois.

Ademais, os traballadores da Deputación están acondicionando con rego asfáltico un total de 4.300m² de tres estacionamentos municipais. Son o estacionamento da rúa do Castro, o da rúa do Pilar e o da Sala Bahía. Os traballos teñen un custe no mercado duns 60.000€, importe que a Deputación aforra ao Concello ao asumir as obras co Parque Móbil.

Melloran aparcadoiros no centro

O Concello de Foz, co apoio da Deputación de Lugo, está realizando obras para mellorar o estado de aparcadoiros no casco urbano.

O alcalde, Fran Cajoto, anuncia que “o Concello de Foz comezou o asfaltado de varios estacionamentos do centro da vila grazas ao apoio do parque da maquinaria da Deputación de Lugo e do seu presidente José Tomé” e amósase “moi satisfeito polos traballos que se veñen desenvolvendo, proporcionando un firme axeitado a unhas amplas zonas de aparcamento moi usadas polas veciñas e veciños da vila. Os veciños estannos trasladando o seu agradecemento e é moi reconfortante saber que unha infraestrutura tan usada como estes



O alcalde, visitando a zona

estacionamentos van resultar moito máis cómodos para todos os usuarios, veciños e visitantes. As obras, xa comezadas, nesta ocasión corresponden aos aparcamentos da Sala

Bahía, da Rúa do Pilar e ao da Costa do Castro, uns dos máis utilizados da vila”. Os traballos foron supervisados por Fran Cajoto e polo concelleiro Javier Fraga.



Ana Rojo, visitando as instalacións da antiga escola de Vilaronte

35 familias participan no novo curso de Educando en Familia

Comezou o novo curso do programa Educando en familia en Foz, que se desenvolve na antiga escola de Vilaronte, co apoio do Concello focense. Conta coa participación de 35 familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos. A concelleira de Servizos Sociais en Foz, Ana Rojo, visitou as instalacións do centro e explicou que “este novo curso impártese os mércores en horario de 10:30 a 12:30, de maneira presencial e telemática, dando facilidades ás familias para participar nos dous formatos”.

Ana Rojo engadiu que “o obxectivo deste programa é achegar estratexias, fortalecer, favorecer e ase-

sorar ás familias, dando respostas ás necesidades educativas dos pais e nais e dos propios alumnos, compartindo ademais actividades, xogos e experiencias, e favorecendo así vínculos afectivos e de comunicación. As temáticas a tratar son moi diversas, cada mes propónse unha nova actividade para traballar sobre ela. Estas temáticas van dende o acoso escolar a educar en igualdade, redes sociais, normas e límites que se deben poñer no propio fogar, estilos educativos, etcétera, dando importancia á xestión emocional e afectiva, dentro e fora do núcleo familiar”.

O Concello arranxa o camiño dos Castros, na parroquia de Nois

O Concello de Foz está executando obras de acondicionamento e renovación de firme no Camiño dos Castros, vial 1C.1.0135, na parroquia de Nois. Está nunha zona moi poboada de Nois, preto da costa, e que dá tamén acceso á depuradora.

O arranxo do Camiño dos Castros, en Nois, cun presuposto de case 14.300 euros, contempla limpeza de marxes, aglomerado en quente de 5 centímetros tipo D-12, levantamento de tapas de arquetas, pintado de marxes e reposición de sinalización nos seus 305 metros de lonxitude.

O rexedor municipal engade que “isto quere dicir que, con fondos pro-

cedentes das baixas da contratación do Plan Único 2019, fomos capaces de acondicionar 1.320 metros máis de camiños e viais municipais neste ano 2020. A base de prezos que se está a utilizar nos proxectos é a mesma que se usaba en exercicios anteriores: o que máis estrañeza me causa é ou ben que o goberno anterior non solicitase nunca á Deputación a utilización de baixas para executar novas obras ou ben que esas baixas non chegaran a producirse”.

Fran Cajoto recorda que con remanentes do alumeadado público das rúas Eduardo Pondal e Noriega Varela púidose mellorar tamén a iluminación na Concello de Sarria.



ARRANCA TU COCHE Y LA NUEVA TEMPORADA DE LA MANO DE ORTEGAL OIL

ESTACIONES DE SERVICIO 100% SEGURAS

¡HACEMOS FELIZ A TU COCHE Y A TU BOLSILLO... Y AHORA TAMBIÉN, A TU SALUDI!



ESTACIONES CON SERVICIO 24H



ESTACIONES ATENDIDAS



TINIEBLA



MEJORAS DE LAMPILLA Y DISEÑO



—VALE—

POR 1 FICHA

PARA LAVADO

www.ortegaloil.es | OrtegalOil | 881 93 10 56

EN BREVE

TEATRO. Continúa a programación de teatro no Concello de Foz. O sábado, 7 de novembro, ás 18.30 horas na Sala Bahía represéntase a obra *Carapuchiña Vermella*, da compañía Educateatro Producións. Esta obra chega en formato musical. O prezo desta actividade será de 3 euros para os adultos e 2 euros para os nenos e ten que reservarse entrada.

ENTROIDO. O Concello mantivo unha reunión telemática con representantes dos distintos grupos e comparsas do Entroido de Foz para preparar unha celebración que será diferente a dos anos anteriores debido á pandemia de covid-19.

MÁSCARAS. O Concello de Foz reparte aos distintos centros educativos do Concello -dúas escolas infantís, cinco colexios e un instituto- as 2.550 máscaras entregadas pola Deputación de Lugo e subministradas polo goberno central.

IES DE FOZ. Un alumno do Ciclo Medio de Cocifña do IES de Foz, Sergio Vieira, realiza as prácticas nun restaurante de Karlsruhe (Alemaña) durante tres meses. O obxectivo destas actividades é principalmente aumentar a empregabilidade do alumnado e favorecer as súas perspectivas profesionais, ademais de mellorar a autocapacitación e autoestima, os coñecementos de linguas estranxeiras e ampliar a súa concienciación intercultural.

CONCURSO. A Biblioteca Pública Municipal organizan o XVII Concurso de Postais de Nadal 2020 para seleccionar a tarxeta coa que felicitará oficialmente Nadal. A data de remate de presentación de traballos será o vindeiro 1 de decembro. Poden participar todos os rapaces que o desexen. O primeiro premio consistirá na reprodución da postal como felicitación oficial do Concello de Foz para o Nadal 2020 elixida entre tres categorías. Haberá un premio especial para o colexio do que forme parte o alumno premiado.

“Servimos marisco e pescado durante todo o ano, que é o que máis piden”

Antonio Castro Fernández dirixe o Lar, Casa Damián e A Funcional, tres locais hostaleiros

Antonio Castro Fernández atópase ao fronte de tres negocios focegos A Funcional, Casa Damián e O Lar.

Como empezou a súa andaina na hostalaría?

Empecei fai moitos anos, xa con 14 traballaba en Ribadeo nun bar restaurante chamado O Porrón, alí estiven un verán. E despois fun ao Xoiña antes de ir á mili, no ano 80 máis ou menos. Tamén estiven na Coruña dous anos antes. Estiven compaxinando cos estudos os traballos de camareiro. Despois alonxeime da hostalaría durante 8 anos e cando se xubilou meu pai quedeime coa granxa de vacas para despois traballar dous anos cun camiión, porque a miña vocación era camioneiro, de feito teño o título de transportista. Levo moitos anos no sector pero como empresario desde o 2008. Comezei no bar Taco, un bar preto do campo de fútbol que antes se chamaba Tribuna. Empecei a dar racións e á xente gustáballe, logo pedían outras cousas e acabei collendo un local anexo e facendo un restaurante con carta, pouco a pouco eso si. Tiñamos unha cocifña moi pequena, por iso ao principio dabamos uns pratos fáciles que non tiveran moita elaboración como son as táboas de queixos, ibéricos, ensaladas... pero tivemos que ir metendo o típico de aquí, o que lle gusta á xente como son os mexillóns, as navallas... é dicir, os produtos do mar. Despois puiden facerme co negocio da Funcional, outro local que me gustou sempre pola súa situación. E como a miña muller estaba no Taco e eu na Funcional decidín deixar o Taco por comodidade, e despois quedou libre a Casa Damián, a cal tamén me gustaba moito, así que fíxenme con el, e aquí estamos.

En que se diferencian os tres locais, A Funcional, Casa Damián e O Lar?
A Funcional é máis ben cafetería, e os outros dous son restaurantes con cartas parecidas pero que se dife-



Antonio Castro, diante dun dos tres locais que rexenta

rencia moito na clientela. A Casa Damián ten un público máis de verán sobre todo pola súa situación fronte á praia, e O Lar funciona mellor coa xente do pobo e coa do día a día.

Como foi este ano?

Estivemos un tempo pechados polo confinamento co cal tes gastos pero non ingresos. Despois deixáronnos abrir e o peor foi xullo porque quixemos recuperar ao personal do Erte e contratar algún extra pensando na tempada de verán, pero tiveron que volver metelos en Erte despois de 5 días e quedarme co mínimo, pois foi cando pechou a Mariña polos contaxios. Case fixemos nese mes o mesmo que nun mes de inverno. E día a día nos tres locais batimos récord de vendas por debaixo. Non lembro un xullo tan malo na Funcional nestos 8 anos que levo. Xullo foi un pau moi grande, agosto foi algo mellor, e setembro tamén, pero iso si, o que gañei foi en calidade de vida, que me deitaba as dúas da mañá, algo impensable en agosto doutros anos.

Como plantexan o inverno?

Agora xa estabamos practicamente adaptados aos horarios e chegou o toque de queda, é dicir, a fin de semana pasada vendín ao nivel de

anos anteriores máis ou menos. O que pasa e que agora co toque a ver como será, porque nos traballamos moito no inverno con banquetes, ceas de amigos, etc. Pode pasar que a xente veña cear máis cedo, cousa que dubido, pero eu creo que imos voltar ter perdas. O que vai comer individualmente non pasa nada, ese seguirá vindo, pero os problemas son os grupos que viñan de cea en inverno e quedaban coas copas ata ás 2 ou 3 da mañá ou traían un Dj. Por outra banda o que máis temo é que volva haber positivos en coronavirus porque eso vai influír moito nas dinámicas da xente, en baixar a cear e tomar algo.

Estan a facer xornadas ou eventos?

Estamos facendo xornadas de caza e cogomelos que serán ata decembro e facemos un sorteo tamén pola noite dos venres. Na Funcional e no Lar antes facíamos un sorteo de xamón e viño e retomámolo como aliciente para que veña a xente xa que contamos cunha terraza grande. No Nadal estou pensando en facer ceas e comidas a domicilio, xa que é un servizo que creo que funcionará, pero con comidas máis especiais, máis de esas datas. Aínda que xa contamos co servizo a domicilio, pero agora é momento de plantexalo doutra ma-

neira, facer algo diferentes.

Como ve o futuro?

Quédanme como moito 10 anos, así que eu plantexo manterme durante este tempo e despois xa se verá. Con todas as precaucións que hai agora estamos a ter todos os hostaleiros moitos problemas, así que xa se verá co paso do tempo. Agradecemos aos veciños e turistas o apoio á hostalaría coa que está caendo e que axuden e saian a consumir nos locais do pobo.

Cales son os pratos estrela nas cartas?

Tanto na Casa Damián como no Lar o que funciona é marisco e pescado, claro que temos carnes boas, pero a xente demanda máis estes produtos xa que estamos en zona costeira. Sempre temos 6 ou 7 tipos de pescado dependendo da tempada aínda que sempre contamos con tres fixos como son bacalao, merluza e peixe sapo, e despois solemos ter linguado, sanmartiño, rodaballo, sargos, etc. No Lar acostumamos ter anguía ou lamprea, sempre e cando sexa a época, e tamén na Casa Damián traballamos a raia. Dentro dos mariscos contamos con lumbrigantes, nécoras, mexillóns, navallas, son os produtos máis típicos e os que máis demanda a xente. Agora as zamburiñas están saíndo moi ben, están moi de moda xa dende hai tempo.

Contan con menú do día?

Os menús do día teñen un prezo de 10 euros no interior e 12 en terraza, e moi asequible para a calidade do produto que servimos. Na Casa Damián dámoslle moita importancia ás sobremesas, temos unha carta deles. O noso menú é un menú tardío como digo eu, xa que a xente vén a comer a partir das 14.30 horas, e conta con primeiro, un segundo que soe ser carne de porco, tenreira, ave ou pescado, e sobremesa. Procuramos facelo o mello posible e que a xente o disfrute.

TODOS OS
DÍAS SON
25
DE NOVIEMBRE

CONCELLO
DE BURELA

CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Novembro acolle as Xornadas de Historia e Arqueoloxía Marítima

O Concello de Viveiro presentou as que serán as IV Xornadas de Historia e Arqueoloxía Marítima Cidade de Viveiro, que se celebrarán do 9 ao 13 de novembro e que este ano, por motivo da pandemia da covid-19, serán totalmente online a través da plataforma Zoom.

Na presentación deste evento estiveron a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro García; Jesús Fernández Fernández, 1º tenente de Alcalde e concelleiro do Mar; Antón López, delegado para a zona noroeste de España da Federación Española de Actividades Subacuáticas (Fedas), e Alejandro Prieto, secretario da UNED de Lugo.

A inscrición para participar nestas xornadas xa está pechada. Uns días antes do inicio das xornadas, remitírase ao correo electrónico dos participantes o enlace de Zoom para acceder ás sesións.

As xornadas inclúen un total de oito conferencias charlas, dúas



delas de carácter internacional a cargo de Ricardo Dos Santos Guimarães, capitán de corbeta da Armada Brasileira, e Nicolás C. Ciarlo, doutor en Arqueoloxía da Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Buenos Aires.

“Igual que en anos anteriores, as xornadas abarcan varios proxectos de ámbito nacional e inclúen ademais dúas ponencias

centradas en Galicia, unha sobre a explotación do mar en Galicia durante a antigüidade e outra sobre conservación en xeral”, explica Jesús Fernández. Dende o concello quérese agradecer o traballo e a colaboración do FEDAS, a través de Antón López, que foi e sigue sendo alma mater destas xornadas, tanto na coordinación como na organización, co apoio do Concello de Viveiro, a través da Concellaría do Mar.

O concello agradece tamén o apoio da Deputación de Lugo e da UNED, que participa nestas xornadas coa concesión de 0,5 créditos ECTS aos participantes. “Trátase dunhas xornadas totalmente consolidadas no panorama español, polas que pasaron ponentes que expuxeron proxectos premiados pola Unesco e outros temas en clave local, como pode ser o afundimento do Bergantín Palomo e a Fragata Magdalena”, lembra a alcaldesa, María Loureiro.

Realizan obras no firme da Pista Granxa en Magazos



Unha imaxe da rúa que se rematou de arranxar

O Concello de Viveiro fixo obras de reposición do firme nun tramo da Pista Granxa, no lugar de Tilleira, na parroquia de Magazos. O tramo sobre o que se actuou é o comprendido entre a estrada LU-540 Viveiro (LU-862) – Cabreiros (LU-861) e a pista denominada “Pista da Veiga 2”, cunha lonxitude de 174 metros e unha anchura media de 6,75 metros, sendo a superficie de actuación de 1.174,50 m2.

Esta obra, que ten un orzamento de 17.071,01 euros, está financia-

da pola Deputación con cargo a remanentes do Plan Único.

Por outra banda, tamén está en proceso de licitación o expediente de contratación para a execución das obras de reposición na Pista Veiga 2, tamén situada na parroquia de Santa María de Magazos. O tramo desta actuación ten unha lonxitude de 305,00 metros e unha anchura media de 5,5 metros, sendo a superficie de actuación de 1.677,50 m2; igual que na obra anterior, realizáranse labores de mellora e mantemento.

MERCADO DE VALORES

adeza

SAN DAMIÁN

MÁXIMA COTIZACIÓN DAS PANCHAS

As Panchas pódense adquirir en Abanca Ribadeo

COTO MAYOR 2+1 Pola compra de 2 botellas, 1 de regalo

VINEA 2+1 Pola compra de 2 botellas, 1 de regalo

COTO DE IMAZ 5+1 Pola compra de 5 botellas, 1 de regalo

Con cada compra de **6 BOTELLAS con D.O.** 1 BOTELLA DE RIOJA TUNANTE OU CRESTA REAL VERDEJO

MANGANTE MENCIA RIOJA ALBARIÑO 5+1 Pola compra de 5 botellas, 1 igual de regalo

LICORES 4+1 Con 4 botellas de herbas, tostada, café, orujo, crema, 1 de regalo

5% The Tinkle Apple Gin

5% Vermut Arnao

Promoción válida ata o 1 de decembro de 2020 en compras pagadas con Panchas.

O Pernas Peón non terá proxecto de recuperación, di o BNG

A moción presentada en Pleno polo BNG sobre recuperar e revitalizar o parque Pernas Peón non foi aprobada por “falta dun voto”, segundo di Miriam Bermúdez, voceira do grupo. “Bancos e mesas rotas, falta de árbores despois dunha tala sen ningún tipo de estudo, especies vexetais e camiños que desaparecen por falta de mantemento, ramas caendo con cada temporal obrigando a fechar o parque por perigo...”, engaden.

“Sendo o último punto o xerador dun debate baldío ao non estaren dacordo varios membros da corporación municipal” afirma Miriam Bermúdez, “un punto que propoñía -estudar a posibilidade- o cal, non implicaría facelo, mais si se podería estudar e mirar se compensaba unha vez postos co proxecto, o de incluír ou non, unha zona con saltos e outros artiluxios para o desfrute de patíns e bicicletas”, dixo Bermúdez. Aínda despois de explicar isto mesmo, algúns membros da corporación municipal non parecían entendelo e a concelleira do BNG optou por retirar este terceiro punto da moción para non bloquear a recuperación do parque.

María Loureiro sen embargo, afirmou que votarían en contra porque apobar unha moción suporía tela que levar a cabo, “o que sorprende desta declaración” di Miriam Bermúdez “son as poucas ganas de traballar e neste caso de recuperar o parque.



A Ponte Vella de Landrove, que se limpou recentemente, e, á dereita, a zona do Vilar o día dos traballos

Limpan as zonas da Ponte Vella de Landrove, o Xunqueira e o Vilar

O Concello de Viveiro informou das obras de limpeza que veñen de realizarse recentemente na Ponte Vella de Landrove, unha vez que se tivo autorización de Augas de Galicia.

O grupo de goberno liderado pola alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, desenvolve desde hai anos un plan integral de mellora e renovación dos servizos e infraestruturas do municipio, tanto no casco urbano como nas parroquias.

VILAR. O Concello, vista a situación do río do Vilar e tendo en conta as demandas veciñais, e aínda que a súa limpeza corresponde a outra administración, decidiu pedir a autorización pertinente e proceder á súa limpeza coa maior celeridade posible.

O grupo de Goberno entende que os prexudicados son os veciños, que ademais non teñen culpa de que a administración con competencias para a limpeza dos ríos non realice o seu traballo.

O río do Vilar -que discorre pola Feira de Galdo e o Pontigo, ata a ponte da Marelá, onde desemboca no río de Galdo- adoita desbordarse en época de fortes choivas, presentando un importante perigo para as casas cercanas.

Neste sentido, os veciños transmitiron ao concello a súa preocupación polo seu estado, polo que o grupo de goberno decidiu iniciar as xestións para asumir a limpeza.

RÍO XUNQUEIRA. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a tra-

vés de Augas de Galicia, executou labores de limpeza no leito e as marxes do río Xunqueira. Trátase de traballos de conservación e de retirada de árbores e pólas caídas, así como madeira morta e outro material que poida obstruír o curso da auga. A intervención afecta a un tramo de 130 metros que discorre polas parroquias de Santa María e Santiago. Esta acción enmárcanse no programa de mantemento, conservación e mellora que realiza Augas de Galicia no dominio público hidráulico das bacías de Galicia-Costa, no ámbito territorial da zona Galicia-Centro. A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade mantén así activas as actuacións para a mellora dos leitos fluviais e para favorecer as condicións naturais do ecosistema dos ríos.

Modificado o prezo das escolas infantís para o segundo fillo

O Concello aprobou a modificación da ordenanza reguladora dos prezos públicos do servizo do centro de atención á primeira infancia co obxectivo de incluír a bonificación do 100% das cantidades correspondentes á matrícula do segundo fillo e sucesivos pertencentes á mesma unidade familiar sempre e cando o primeiro non supere os 18 anos.

Esta bonificación regúlase segundo o establecido na Disposición adicional novena da Lei 7/2019, de 23 de decembro, sendo o seu establecemento e aplicación voluntarios no caso das escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais.

O financiamento desta bonificación realízase por parte da Xunta a través do Plan Concertado; no caso do Concello de Viveiro, que aplica un sistema de copago en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecidos pola Xunta, a compensación por parte da Xunta de Galicia para a aplicación desta bonificación será pola cantidade íntegra.

Cabe destacar, finalmente, que hai un total de 15 nenos e nenas matriculados na escola infantil municipal que cumprían o requisito para a gratuidade por esta bonificación.

Dende o goberno municipal considérase que esta bonificación, para a matrícula gratuíta do segundo fillo e sucesivos supón unha importante axuda para as familias de cara á conciliación.

Medio Ambiente aproba o Plan de conservación do Souto da Retorta

O Consello Galego de Medio Ambiente deu o seu visto e prace ao Plan de conservación do Monumento Natural do Souto da Retorta. Así, coa superación deste trámite xa se poderá elevar ao Consello da Xunta deste mesmo mes para a súa aprobación definitiva e entrada en vigor, despois da publicación no Diario Oficial de Galicia.

A concelleira recordou que o Souto da Retorta é un dos oito monumentos naturais de Galicia, situado á beira do río Landro, que marca o límite norte do espazo protexido e ten unha superficie de 3,18 hectáreas.

Ángeles Vázquez salientou que o

plan de conservación ten por finalidade conservar as singulares plantacións de Eucalyptus globulus, de finais do século XIX e principios do XX, e o bosque de ribeira; manter ou restablecer un estado de conservación favorable para os valores ambientais que motivaron a declaración do Monumento Natural no ano 2000; e ordenar o uso público para que sexa compatible coa conservación.

Este espazo forma parte da Rede de Espazos Protexidos de Galicia composta por 97 enclaves protexidos por unha figura de protección, zona de especial conservación, zona especial de protección de

aves, parque natural, zonas húmidas, monumento natural...

No caso do Souto da Retorta destaca o “avó de chavín”, de entre 106 e 138 anos de idade, é ademais unha das 150 árbores senlleiras da Comunidade, recollida no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia, onde tamén se recolle o Monumento Natural Souto da Retorta como formación senlleira.

Tal e como destacou a concelleira, o “Avó” é un dos eucaliptos máis famosos da xeografía galega, que destaca polo seu tamaño, en altitude (56,5 metros), e en grosor (7,95 metros), así como polo diámetro da súa copa (25,35 metros).

O Concello financia o transporte ao alumnado que se desprace fóra

O Concello de Viveiro mantén neste curso escolar 2020/2021 o seu compromiso de financiar o transporte ao estudiantado que se despraza fóra de Viveiro por motivos académicos, xa sexa para cursar formación profesional ou estudos universitarios.

Xa están dispoñibles para a súa tramitación os bonos coa redución do 50% financiada polo Concello con orixe Viveiro e destino Ribadeo, Lugo, A Coruña e Santiago. Os bonos poden solicitarse na Omix en horario de 10.00 a 14.00 horas, sen cita previa e aportando xustificante de matrícula e foto carné, no mail informacion.xuvenil@viveiro.es ou chamando ao Concello 982 560 128 (extensión 1135). Na mesma liña, cómpre facer referencia ao servizo de transporte escolar gratuíto para des-

prazarse a Xove, San Cibrao e Burela, que emprega a mocidade de Viveiro que cursa estudos de Formación Profesional ou Bacharelato nalgún centro deses municipios. A día de hoxe están inscritas un total de 33 mozas e mozos, que empregan diariamente este servizo.

O Goberno municipal é consciente do gasto que significa para as familias cando os seus fillos e fillas estudan fóra e con esta iniciativa pretende colaborar facilitando de maneira gratuíta o servizo referido para os desprazamentos a Xove, San Cibrao ou Burela, e asumindo o pago do 50% do custe de cada viaxe no caso de estudantes universitarios ou de Formación Profesional, para desprazamentos a Ribadeo, Lugo, A Coruña e Santiago.



SE VENDE
LICENCIA DE TAXI
EN VILALBA

Tel. 608 080 482

O Concello pide á Xunta e ao TSXG a creación dun terceiro xulgado

O Concello debatiu unha moción da alcaldía para instar á Xunta e ao Tribunal Superior de Xustiza a realizar cantas accións sexan necesarias en aras a lograr a creación dun terceiro Xulgado de 1ª Instancia e Instrución no Partido Xudicial de Viveiro.

“Os Xulgados de Viveiro veñen sufrindo unha elevadísima carga de traballo, constatada polas inspeccións realizadas nos últimos anos, que está a afectar aos máis de 45.000 mariñáns que dependen do mesmo. Trátase dunha situación que se vén prolongando no tempo e que trae graves consecuencias para os veciños e veciñas que sofren a demora na tramitación dos expedientes xudiciais”, recolle o texto da moción.

O Concello de Viveiro leva anos demandando a creación dun terceiro xulgado, “que considera como unha necesidade urxente ante este exceso de traballo acreditado polo Consello Xeral do Poder Xudicial”. Precisa-



María Loureiro

mente, o concello xa cedeu o edificio contiguo.

Na xurisdición civil, os Xulgados de Viveiro superan nun 61% os módulos aprobados polo Ministerio de Xustiza e do Consello Xeral do Poder Xudicial, tal e como consta nos seus propios informes; na xurisdición penal logrouse reducir a pendencia en Viveiro polo enorme sobreesforzo do persoal xudicial; e en materia civil, aínda así, está a resultar impo-

sible tendo en conta a tendencia ascendente das demandas que entran nos xulgados nunha soa anualidade. Neste sentido, cabe lembrar que o Concello de Viveiro realizou as xestións oportunas para a formalización da cesión de uso gratuito de varios locais de titularidade municipal para a ampliación dos xulgados de Viveiro e a creación dun terceiro Xulgado de Primeira Instancia e Instrución a favor da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

PAVILLÓN EN COVAS. Tamén o grupo socialista instará á Xunta a que o Ceip Plurilingüe de Covas poda contar cunha pista ao aire libre e outra pechada.

No caso de non resultar posible a construción dun pavillón cuberto, o concello propón a cubrición e peches laterais da pista deportiva actual e máis o arranxo das deficiencias existentes no espazo ao aire libre.



Visita de Efrén Castro ao campo de tiro San Roque

Invisten no foso e o local social do Club de Tiro San Roque

A área de Deportes financiará as obras de mellora no campo de tiro de San Roque. Así o anunciou o deputado Efrén Castro tras visitar as instalacións. Os traballos consistirán na substitución da cuberta do foso olímpico da cancha B e no cambio da cuberta do local social. Ademais, reformarase o acceso á cancha A cunha rampa que facilitará a accesibilidade ao campo. As obras executaranse en dúas fa-

ses, unha primeira no que queda de ano e, a segunda, na vindeira anualidade. O investimento previsto é duns 14.000 euros, que se canalizarán a través dun convenio. A actividade no campo de tiro de San Roque multiplicouse nos últimos anos, pasando de tirarse 30.000 platos en 2017 a 200.000 en 2019. As instalacións acolleron neste tempo diferentes probas de circuitos estatais.

A Deputación achega 150.000 euros para varias actuacións

O presidente da Deputación deu conta de convenios de colaboración aprobados co concellos de Viveiro. No que a Deputación achega 150.000 euros ao Concello para accións de promoción do turismo, limpeza de instalacións públicas, para mantemento da piscina municipal e sufragar os gastos de socorrismo, para a elaboración dun estudo hidrolóxico da rede fluvial e para o mantemento de infraestruturas públicas, entre outras actuacións.

O padrón de habitantes aumentou en 116 veciños


O padrón de habitantes experimentou un incremento poboación no que vai de ano, cun total de 116 veciños máis con respecto ao 1 de xaneiro de 2020. A poboación a primeiros de ano era de 15.511; nestes meses, producíronse 287 baixas e 403 altas, resultando un total de 15.627 persoas empadroadas actualmente. Das 403 altas rexistradas, 52 corresponden a nacementos; 281, a cambios de residencia dende ou-

tro municipio; e 57, a cambios de residencia dende o extranxeiro. Dende o equipo de goberno valórase positivamente este dato e agárdase que esta tendencia se mantéña, tendo en conta, sobre todo, que Viveiro é un municipio no que adoitan residir moitas persoas que figuran empadroadas nos concellos limítrofes ou da comarca, polo que a poboación real de Viveiro é superior ás cifras que figuran no padrón de habitantes.

Viveiro establece cambios nos mercados semanal e quincenal

O Concello restableceu a actividade do mercado quincenal da circunvalación mediante un sistema de quendas, polo que a metade dos postos asistirían o día 1 de cada mes e a outra metade, o terceiro domingo. Por parte deste Concello, atendendo ás peticións realizadas dende o colectivo de vendedores ambulantes que veñen exercendo a súa actividade neste mercado, decidiuse modificar este sistema establecendo quendas rotativas para que todos poidan acudir a este mercado en ambas

datas, segundo lles corresponda en cada mes. Neste sentido, en canto ao semanal, modificouse o seu emprazamento, buscando unha ubicación alternativa que permitise a colocación de todos os postos gardando as distancias de seguridade, polo que se vén celebrando nos Xardíns Noriega Varela. No caso do quincenal, ao non ser posible a súa reubicación, restableceuse a súa actividade mediante o sistema de quendas que, a agora será rotativo.



I.E.S Plurilingüe San Rosendo

O IES Plurilingüe San Rosendo de Mondoñedo é centro de apoio tutorial do programa *That's English!* que permite estudar inglés a distancia, con clases presenciais unha vez á semana, dunha duración de hora e media, en quendas de mañá. Poderás obter o título oficial da Escola de Idiomas. Máis información no teléfono 982 870 539
Avda. de San Lucas 33, 27740 Mondoñedo / ies.san.rosendo@edu.xunta.es



MATRÍCULA ABERTA

Prazo de matrícula ata o 30 de novembro de 2020

MATRICÚLATE



MC

AUTOMOTIVE

CONCESIONARIO MULTIMARCA
SERVIZO DE IMPORTACIÓN DE VEHÍCULOS Á CARTA

XA EN FOZ
CON NOVAS INSTALACIÓNS

RÚA CERVANTES 41, FOZ. TFNO: 625 445 320 / 619 917 194
instagram@mcautomotiv / fecebook MC Automotive

EN BREVE

CONCURSO FOTOGRAFÍA. O IES Monte Castelo organiza un Concurso de fotografía do proxecto de Voz Natura. Este terá por temáticas o mar e os plásticos. Poderá presentarse ao concurso calquera membro da comunidade educativa do IES Monte Castelo, establecéndose tres categorías, alumnado de 1º e 2º da ESO, alumnado de 3º e 4º da ESO e alumnado de 1º / 2º de Bacharelato e Ciclos formativos. Cada participante poderá presentar tantas fotografías como estime oportuno, e as fotografías deberanse presentar en formato .jpg e enviarse ao correo do centro ies.monte.castelo@edu.xunta.es. As fotografías deben entregarse entre os días 4 e 19 de novembro, ambos incluídos. O autor gañador de cadansúa categoría recibirá un agasallo e a súa fotografía impresa. Pódese consultar as bases na web do centro

O MEL NON CADUCA. A compañía Ibutepro Teatro representará a obra *O mel non caduca* o domingo 8 de novembro ás 19.30 horas no Auditorio Municipal de Burela. Un espectáculo biodegradable e ecosustible protagonizado por Marián Bañobre e Avelino González xestado a partir dun proceso de creación colectiva, ao redor da relación do ser humano cos obxectos, da degradación ecolóxica do planeta por culpa da perversa lóxica consumista do capitalismo e da obsolescencia programada, tanto de produtos como das persoas. As entradas pódense mercar na billeteira por 4 euros.

ESCOLAS DEPORTIVAS. A Concellería de Deportes de Burela anuncia que quedan suspendidas, ata novo aviso, as escolas deportivas municipais debido ás restricións establecidas pola Xunta. O concelleiro Ramiro Fernández Rey asegura que están a barallar varias opcións como a devolución dos cartos do período no que non se imparten as escolas, a ampliación das devanditas escolas durante unhas semanas máis ou mesmo organizar algunha actividade a maiores. O edil de Deportes dixo que “coas restricións que nos teñen imposto non podemos cumprir os parámetros que nos marcan, polo que cremos que o máis prudente, e obrigatorio ademais, é suspender as escolas, en principio mentres duren estas restricións, no momento que se levanten avisaremos para reanudarlas. Dirlles aos pais que estean tranquilos con respecto ao pago que fixeron por estas escolas porque miraremos ou ben de devolver os cartos, intentar ampliar o prazo das escolas deportivas ou incluso buscar unha actividade alternativa que poida compensar esta parada obrigada polo coronavirus”.

O Concello asina convenios de axudas con varias asociacións culturais locais

O alcalde, Alfredo Llano, e a presidenta da asociación Bigotes, Cristina Pérez, asinaron un convenio de colaboración.

O rexedor explicou que “a asociación burelesa recibe unha axuda nominativa de 3.000 euros, que vai destinada á importante labor que están a realizar no coidado e na recollida de animais no noso concello”.

Para Alfredo Llano “este colectivo está a realizar unha labor moi boa en Burela e colabora co Concello en todo o que pode”.



Alfredo Llano e Cristina Pérez, na firma do convenio

FUNDACIÓN EU SON DE BURELA. O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Burela e presidente da Fundación Eu Son (Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Intelectual), Alfredo Llano García, asinaron o convenio de colaboración polo que a institución provincial achega 2.000 euros ao colectivo para cubrir gastos de mantemento dos centros de día e ocupacional que xestiona a entidade en Burela. O

colectivo ofrece atención profesional e formación diaria a máis de 30 veciños e veciñas da Mariña.

O mandatario provincial, xunto ao deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que con esta axuda a Deputación provincial financia gastos imprescindibles para o funcionamento deste centro, como o servizo de limpeza, electricidade e auga.

José Tomé puxo en valor o traballo que desenvolve dende hai 23 anos a Fundación Eu Son e enmarcou a colaboración da Deputación con este colectivo no seu compromiso coas políticas públicas que favorezan a integración social e laboral, e a mellora do benestar e da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual.

A Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Inte-

lectual naceu en 1997 da unión do Concello de Burela e a asociación de pais Camiña debido á carencia dun servizo que atendera profesionalmente a persoas con discapacidade intelectual na Mariña.

COMISIÓN DE FESTAS. O alcalde, Alfredo Llano, e a presidenta da comisión organizadora das festas, Toñi Eijo, asinaron un convenio de colaboración. A súa contía, cinco mil euros, ía destinada ao concerto de Roi Casal.

Toñi Eijo explica que “neste 2020, por mor da pandemia do covid-19, quedamos sen festas patronais como todo o mundo sabe. Agora que a situación mellorou é por iso que decidimos organizar un espectáculo en Burela para que o poidan disfrutar as nosas veciñas e os nosos veciños. Haberá aforo limitado a 300 persoas e hai que anotarse para acudir a ese concerto, que é de balde. Os que vaian gozarán da cultura con total seguridade, debido ao protocolo covid-19 que poñeremos en marcha”.

Unha asesoría xurídica súmase ao programa para inmigrantes



Membros do programa de atención a inmigrantes

A Concellería de Inmigración e Cooperación incorpora ao Programa de Atención a Inmigrantes a unha asesora xurídica e a un mediador intercultural.

A edil Noelia María Ben explica que “a asesora xurídica ocuparase da atención técnica especializada no ámbito de estranxeiría e o mediador intercultural que traballará en coordinación con diferentes entidades e colectivos de ámbito social, educativo, sanitario, cultural... da localidade”. A concelleira,

a asesora xurídica e o mediador intercultural están a manter encontros con diferentes colectivos “para abordar as necesidades existentes e programar as actuacións que se poderán levar a cabo”. As últimas xuntanzas tiveron lugar con responsables dalgúns centros de ensino como o Ceip Vista Alegre e o IES Monte Castelo”. Estas incorporacións de persoal ao programa son cofinanciadas pola Consellería de Política Social e o Fondo Social Europeo.

O Concello de Burela aprobou en Pleno o V Plan de Igualdade

O Concello de Burela aprobou por unanimidade, no pleno extraordinario o V Plan de Igualdade para o período 2020-2024. Na sesión tamén se aprobou a conta xeral de 2019, que contempla un remanente de 3'5 millóns de euros e un patrimonio municipal estimado en 45 millóns.

O alcalde burelés, Alfredo Llano, contou que “a conta xeral é un documento onde figuran o balance da situación de todo o que se fixo no 2019 con respecto á economía, á conta de resultados e ao patrimonio, que por certo aumentou considerablemente con respecto a outros anos, estamos xa en 45 millóns aproximadamente. Teño que dicir que o remanente o temos próximo aos 3'5 millóns de euros, que é unha cifra considerable e aí se ve que no Concello de Burela tratamos de facer ben as contas”.

Tamén se aprobou o V Plan de Acción para a Igualdade de Mulleres e Homes no Concello de Burela que vai de 2020 a 2024. “Este plan creo que está moi ben elaborado, ten unha serie de

obxectivos claros e unha maneira tamén clara de executalos. Penso que se implica a todo o mundo, tanto de asociacións como do Concello e de todo aquilo que poida levar adiante uns obxectivos claros en materia de igualdade”, di Llano.

O alcalde relatou que “este plan, que foi aprobado por unanimidade, ten seis liñas estratéxicas, por exemplo a ordenanza en favor da igualdade, o cambio de valores e modelos para a igualdade, a empregabilidade e conciliación corresponsable, o benestar e calidade da vida e tamén a participación social e cidadá activa. Hai ademais un apartado de acción integral contra a violencia de xénero, onde implicamos a colexios, a colectivos e a todo o mundo”.

É un plan para realizar en catro anos, vai ser moi efectivo e penso que marcando un pouso para ter unha referencia clara para acadar a igualdade, aínda que isto xa sabemos todos que é algo que se debe exercer día a día”, conclúe Llano.

Concello e Deputación pactan para facer as melloras da Marosa

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Burela, Alfredo Llano García, asinaron o convenio de colaboración polo que a institución provincial achega 52.000 euros para a reposición do peche do campo de herba artificial da Marosa.

José Tomé destacou que “aprobamos en Xunta de Goberno este convenio de colaboración e hoxe xa o asinamos, cumprindo con axilidade coas necesidades expostas polo Concello de Burela e os equipos que adestran e xogan neste campo de fútbol”. Neste sentido, o presidente subliñou que esta colaboración enmárcase no compromiso prioritario da Deputación de cooperar cos concellos para dotar e mellorar os servizos e infraestruturas públicas dos seus veciños e veciñas.

O mandatario provincial explicou



Unha vista do campo da Marosa

que os traballos financiados pola Deputación teñen un prazo de execución de un mes e consistirán na substitución parcial do peche do campo, fondo sur e este, cunha malla electrosoldada. Isto facilitará o acceso a aseos e vestiarios ás persoas con mobilidade reducida. Ademais,

substituiranse os bancos dos dous equipos e levarase a cabo a canalización do campo.

Á achega económica de 52.000 euros súmase aos 150.000 euros que xa aportou a Deputación con anterioridade para renovar os vestiarios e a iluminación do recinto.

Burela organiza o obradoiro Alquimia na cociña este mes

A Concellería de Medio Ambiente organiza un obradoiro titulado Alquimia na cociña, que se celebrará o 7 de novembro ás 16:00 horas na praza de Abastos da vila. A data podería modificarse estes días en función da situación sanitaria.

A duración do curso será dunhas tres horas e media e para poder asistir é necesario estar empadroadado en Burela. As persoas interesadas poden anotarse na oficina de Gaia, na Praza de Abastos, ou a través do número de teléfono 647 136 673. As prazas son limitadas.

A concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo, explicou que “neste curso descubrirase como facer alquimia na cociña e na vida utilizando ferramentas que todos temos. Abordarase cociña para enfriar, quantar, remineralizar, relaxar,



Alfredo Llano e Toñi Eijo

activar ou depurar. Unha boa alimentación está relacionada co bo estado do corpo, un sistema inmune forte e un óptimo peso. E neste obradoiro trataremos todo isto dun xeito teórico e tamén práctico”.

Toñi Eijo engadiu que “faremos diferentes receitas nutricionalmente equilibradas, tanto doces como salgadas. Introduciremos alimentos novos e usaremos os que xa coñecemos dun xeito diferente”.

Burela recupera as Xeorutas, que se desenvolverán en outono e inverno

As Concellerías de Turismo e de Medio Ambiente anuncian que volven as Xeorutas no último trimestre do ano. O Concello recupera deste xeito as que non puideron celebrarse durante os meses de xuño e xullo por mor da pandemia da covid-19. A Ruta Xeolóxica do Perdoiro será o 29 de decembro; a da Marosa, os días 5 e 27 de decembro; e a do Monte Castelo, o 7 de decembro. O edil de Turismo explicou que “desde a Concellería de Turismo, en colaboración coa de Medio Ambiente, imos volver poñer en marcha as rutas xeolóxicas que non puideron facer durante o verán, nos meses de xuño e xullo, debido á pandemia. Quedáronnos pendentes unha serie de rutas que queríamos facer nesas



datas que non foi posible facer, co cal iniciámolas outra vez na tempada de inverno”.

Ramiro Fernández indicou que “a

primeira ruta se fixo en outubro e repetirase en decembro. As rutas que non puideron facer na tempada de verán, imos repartilas en festivos ou en pontes durante este último trimestre do ano”.

O concelleiro burelés considerou que “é unha iniciativa, como dicimos sempre, que é exitosa. Animamos á xente a participar nestas rutas que percorren zonas privilexiadas, moi interesante para ver. Apostamos claramente por estas rutas xeolóxicas e desde logo é un obxectivo da Delegación de Turismo e tamén da de Medio Ambiente seguir impulsando o coñecemento destas áreas xeolóxicas que temos en Burela, que son unhas áreas enviñables que temos que seguir explotando e nesa labor estamos”.

O anpa do Ceip Virxe do Carme doa purificadores de aire

O anpa do Ceip Virxe do Carme de Burela fixo unha doazón ao centro de 22 purificadores de aire para todas as aulas de infantil e primaria.

Esta doazón complementarase coa propia ventilación que fai o centro escolar e axudará a escoller

as horas de apertura de fiestras, as máscaras, o distanciamento e a propia hixiene.

Estes aparatos, financiados polas familias, usan os mesmos filtros que os dos avións, e que recollen dende partículas, pelusas, bacterias e virus.

Gaia fará os venres talleres de manualidades de Nadal

A Concellería de Medio Ambiente de Burela organiza talleres de manualidades de Nadal con Gaia. Vanse celebrar os venres do mes de novembro pola tarde. Serán os días 6, 13, 20 e 27. A edil de Medio Ambiente, Toñi Eijo, explica que “ofertamos talleres de manualidades de Nadal, que terán lugar todos os venres do mes de novembro pola tarde. Trala gran demanda que tiveron os obradoiros de manualidades que ofertamos durante o mes de outubro, decidimos facer unha quedan máis para poder ofertar máis prazas”.

A concelleira burelesa sinala que “debido á situación que estamos a

vivir con respecto á pandemia non sabemos de que tamaño serán os grupos, e farémolos respectando as medidas vixentes en cada momento”.

Nesta actividade poden participar os nenos e as nenas empadroados en Burela que cursen Infantil ou Primaria. Para apuntarse poden chamar ao 647 136 673 ou na oficina de Gaia sita na Praza de Abastos. Serán as monitoras de Gaia as encargadas do desenvolvemento destes obradoiros.

Haberá tres quendas os venres de novembro polas tardes de 16.30 a 17.30 horas, de 17.45 a 18.45 horas e de 19 a 20 horas.

Reparto de 30 novos composteiros

O Concello de Burela repartiu 30 novos composteiros entre a veciñanza que os solicitou.

A concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo, lembrou que “grazas ao apoio de Sogama, no Concello de Burela ampliamos o programa de compostaxe doméstica a 30 novos fogares, co que contamos cun total de 130 vivendas unifamiliares participando nesta iniciativa”.

As persoas que demandaron os novos composteiros asistiron a unha

charla informativa, onde recibiron estes recipientes.

Agora o Concello será o encargado de facer o seguimento desta iniciativa para avaliar a súa acollida e a resposta dos cidadáns.

Eijo amosouse satisfeita “coa acollida desta iniciativa en todas as edicións que levamos adiante. Queremos recordar que a compostaxe doméstica de restos orgánicos permite non só acadar o mellor abono para cada horta ou xardín, senón

tamén reducir en orixe os residuos, o que minimiza o seu impacto ambiental, un dos grandes problemas medioambientais actuais”.



Este trimestre haberá teatro, música, danza e espectáculos

A Concellaría de Cultura ven de presentar a axenda para o último trimestre do ano.

Hai dous espectáculos para público familiar. Un de danza, con *Blowing*, de Mucab Dans, o día 5 de decembro, e outro do novo circo *Esencial*, de Vaivén Circo, o 30 de decembro.

Para o público adulto está reservado o Teatro da Ramboia representa *O meu mundo non é deste reino*, peza gañadora do premio Manuel María de proxectos teatrais en 2018. Será o día 13 ás 20.00, no auditorio municipal.

A concelleira ribadense comentou que “seguimos atendendo moi especialmente aos eventos para nenas e nenos, e así completamos a oferta anterior con espectáculos que reunimos no proxecto Apego. Mircromina Teatro de Títeres e o seu espectáculo *Gyrovagus*, que será o 23 ás 17.30 horas.

Súmase tamén unha das formacións preferidas do público in-



fantil, Mamá Cabra, que xa nas vacacións de Nadal trae *A Fraga do meu avó*, o día 20 ás 17.30 horas. Seguindo coa oferta para as crianzas e a asociación Cara a Unha Escena Plural poñen en marcha un programa de colaboración que supón un exercicio didáctico para as nenas e os nenos arredor dunha obra de dan-

za, que desta vez é *A soidade de Wally* de Elahood, que será o domingo 8 de novembro, ás 17.30 tamén no auditorio.

Pilar Otero sinalou que que “tamén contamos cunha proposta cinematográfica que se organiza coa Agrupación Cultural Francisco Lanza, *Reboiras, acción e corazón*, de Alberte Mera. Como xa fixemos anteriormente con outros filmes, organizamos a proxección da película nos cines comerciais o 22 de novembro ás oito e media”.

A edil nacionalista engadiu que “na nosa axenda están dous concertos da Banda de Música Municipal de Ribadeo, o de Santa Cilla e o de Aquí como en Viena, que serán o 21 de novembro e o 27 de decembro, respectivamente. A concelleira lembra que “volvemos falar do seguros que están a ser os espazos culturais, e que se buscamos facer unha vida o máis normal posible”.

En marcha un novo programa para dinamizar o comercio

Arrincou en Ribadeo A túa tenda a punto, un programa de formación e asesoramento individualizado dirixido ao pequeno comercio. Poderán participar, de xeito totalmente gratuito, ata 20 locais que pertencen ao sector do comercio polo miúdo con menos de 12 empregados.

Os establecementos participantes van poder dispoñer dunha persoa que lles asesore e que os forme en aspectos tan variados como a promoción das vendas, a renovación da imaxe, o emprego e adquisición de competencias nas novas tecnoloxías, accións de publicidade, márketing, innovación comercial, asesoramento nos novos canais de venda, escaparatismo e outro tipo de materias. É un proceso para profundizar, para adentrarse nunha nova etapa individualmente por cada negocio participante e que busca a mellora dos resultados, a súa rentabilidade e tamén a sostibilidade do comercio.

Volve o programa Educando en Familia con algúns cambios

Ribadeo volverá contar este ano co programa Educando en Familia, que ten como finalidade promover a participación corresponsable de nais e pais para fortalecer as súas capacidades nos procesos de apoio ás súas fillas e fillos e un desenvolvemento integral. No Concello de Ribadeo o programa conta co apoio da Área de Educación e conta xa coa participación de 15 a 20 nenos. Asíñase todos os anos un acordo de colaboración coa asociación Educando en Familia por medio do cal reciben unha subvención nominativa da Concellaría de Educación.

Este ano ademais cambia de ubicación e desenvolveranse as sesións dirixidas ás familias na Escola de Música en horario de 10.30 a 12.00 horas todos os luns. E coa novidade de que este ano as sesións só están dirixidas ás nais e

pais, persoas adultas cuidadoras de menores de 6 anos por mor da covid-19”.

Ao longo do curso desenvolverán xuntanzas e obradoiros con temáticas sobre a familia e a escola, entre a disciplina e a tolerancia, estilos e pautas educativas, acoso escolar... entre outras. Ademais destas xuntanzas realizarán actividades lúdicas coma contacontos, teatro de títeres, participarán en programas de radio, colaborarán con diferentes institucións... dentro da programación de actividades que teñen preparadas semanalmente.

AXUDAS. O Concello ten aberto o prazo para solicitar ás axudas económicas á conciliación para as familias para a asistencia ás ludotecas e ao programa Bós días das anpa do Colexio Gregorio Sanz.

A Deputación subvenciona o amaño do parque de Rinlo



Estado no que se atopan as obras

O Concello de Ribadeo realiza obras de mellora no parque infantil de Rinlo e no anexo ao do Xardín na vila. O investimento ascende a 20.000 euros, que son sufragados polo Concello e pola Área de Mocidade da Deputación de Lugo.

A concelleira de Obras, Mónica Freire, explicou que “nestes días comezamos as obras en dous parques infantís do Concello, tanto na vila como en Rinlo. En Rinlo estamos actuando no parque infantil no que imos colocar unha valla de madeira, a modo de peche, que virá mellorar a seguridade das nenas e dos nenos que alí xogan.

Ao mesmo tempo ampliaremos a zona de xogo coa colocación dunha soleira de caucho continuo e un balancín”.

A edil ribadense indicou que “na vila, na zona anexa ao parque do Xardín, acabamos de realizar os traballos de cimentación para a colocación dunha pista multideporte”.

Mónica Freire subliñou que “estas actuacións, que teñen un custe de 20.000 euros, están financiadas polo Concello e pola área de Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, e contamos que os traballos estean rematados a final deste mes de outubro”.

Apaga desenvolverá este mes dous proxectos formativos



Un dos cursos desta tempada

Apaga continuará coas súas fins de semana tecnolóxicas no mes de novembro, os días 14, 15, 28 e 29. En decembro as actividades de formación vanse trasladar á Coruña, se as condicións o permiten. A asociación tamén traballa en dous proxectos, que desenvolverá nos vindeiros meses, sobre doazón do coñecemento e formación de inclusión para xoves.

O presidente da Asociación anunciou que “imos iniciar dous novos proxectos, creo que sumamente ambiciosos e interesantes para a zona. Un deles, no que o ano pasado estivemos traballando, pero que ao final quedou aí, que é a doazón do coñecemento, é dicir, que imos aproveitar aquela xente que está

xubilada, algúns colaboradores nosos e que xa falamos con eles, e que poidan dar formación. Todo ese coñecemento que eles foron recollendo durante a súa vida profesional, o poidan transmitir a outra xente que neste momento non ten unha formación”.

“Tamén imos iniciar un proxecto de formación para aqueles rapaces que por diferentes circunstancias da vida teñen problemas, é un proxecto de inclusión para aqueles rapaces que teñen problemas xeográficos ou a nivel educativo. Vaise dar formación a esas persoas en determinadas profesións, vanse facer unhas entrevistas e especialmente imos ter un contacto moi directo cos sistemas produtivos”.



CURSO 2020/2021
Contáctanos hoy para reservar tu plaza para el nuevo curso
 ...where English is fun!



982 103 377
605 738 247

www.docklandsacademy.es

Locais de hostalaría do porto e de Rinlo acollen unha mostra

O Concello de Ribadeo acolle a exposición permanente *Xanelas ao mar* que promove Acisa Ribadeo coa axuda da Xunta de Galicia e que se poderá ver nos locais de hostalaría do porto de Ribadeo e vila de Rinlo. A exposición traslada unha serie de valores coma o sacrificio e a entrega aos labores do mar e resalta o papel da muller no sector. A mostra *Xanelas ao mar* poderase ver no restaurante San Miguel, o Náutico, a Taberna do Náutico, no Fogar do Mariñeiro, Marinero, La Solana e no hotel A G Porcillán en Ribadeo; mentres que na vila de



Rinlo os establecementos hostaleiros participantes neste iniciativa son A Cofradía, Portillo, A Mirandilla, Porto de Rinlo, Stop e La Villa.

O PP afea ao Goberno por non ter un plan para o amaño das estradas



Os concelleiros populares visitando unha das zonas afectadas

O Grupo Municipal do Partido Popular de Ribadeo denuncia, unha vez máis, a ausencia de programación por parte do Concello respecto do mantemento das estradas e servizos municipais. Así o indica Elena Sierra quen afirma: “levamos un ano de goberno e aínda non temos unha planificación para o arranxo das infraestruturas”. Como exemplo, indica a popular, basta con analizar o estado “lamentable” no que se atopa o ac-

ceso ao barrio da Pega, en Ove, e que colinda co casco urbano. “Está cheo de baches e ten pouca iluminación”, afirma. É, por este motivo, polo que, novamente, dende este Grupo se dirixen ao BNG, solicitándolle un plan específico destinado á mellora das infraestruturas. “Non serve que un día boten chapote e o outro gravilla. O que temos que ter é unha planificación ordenada no tempo para evitar situacións como esta”.

A aula CeMit ofrecerá ás familias e ao alumnado local asesoramenteo tecnolóxico

A Concellaría de Igualdade, Ensino e Mocidade e a Aula CeMIT de Ribadeo poñen en marcha unha iniciativa de asesoramento e apoio tecnolóxico, dirixida a familias e alumnado, para resolver todas aquelas dúbidas que poidan aparecer á hora de traballar nas plataformas dixitais educativas que utilicen os centros de ensino do concello ribadense e tamén ofertar as instalacións da Aula CeMIT, dotadas de equipos informáticos e conexión wifi, como centro de traballo.



A concelleira Mariluz Álvarez Lastra explicou que “nestes momentos que estamos vivindo da covid-19, moitas veces os rapaces e as rapazas teñen que facer traballos telemáticos e se existe tamén algún problema de confinamento van utilizar as plataformas dixitais”. Álvarez Lastra subliñou que “dende o Concello de Ribadeo, facéndonos eco desta necesidade, queremos poñer a disposición de todos aqueles pais, nais, familias e alumnado en xeral as instala-

cións da Aula CeMIT, é dicir, do telecentro do noso Concello, que ten un horario polas mañás de luns a venres, desde as nove ata a unha, e polas tardes de luns a xoves, desde as catro ata as seis e media, para que poidan utilizar as súas conexións, os seus equipos informáticos, e incluso que o propio técnico lles poida axudar naquelas dúbidas que poidan ter respecto ás plataformas dixitais e que queiran facelo”.

Para citas ou información poden chamar ao teléfono 982 120 732.

Denuncian o mal estado do asfalto na rúa Río do Amalló



Unha imaxe do estado da vía na rúa Río de Amalló

A vicevoceira do PP, Elena Sierra, denuncia “o abandono das infraestruturas municipais por parte do Goberno local” e, neste caso, sinala como exemplo “o mal estado da rúa Río do Amalló”.

Sierra explica que “pode facerse perfectamente unha piscina en cada bache”. Engade tamén outras deficiencias coma “a falta de luz e de beirarrúas”; ademais de que “os peóns se ven obrigados a sortear os contedores do lixo”.

A popular sinala que “o Goberno do BNG leva un ano de mandato e aínda non fixo nada de nada” de cara a mellora das infraestruturas municipais. Polo tanto, cre que é hora de que “fagan algo”. Sierra lamenta que “o señor Suárez bote a culpa aos demais, á Xunta ou á Deputación, pero que nunca recoñeza as súas culpas”. É máis, “o señor Suárez agarda que llo dean todo feito porque é o máis doado”, considera.

Os comercios de Ribadeo figurarán nunha guía web

Os locais de Ribadeo contan cunha guía web que ten por obxectivo dar unha maior visibilidade aos negocios nun entorno tan influente como é internet. Cun só clic poderase coñecer a ampla oferta de establecementos. Aqueles que non figuren na guía poderán solicitar a súa inscrición mediante a cumprimentación dun formulario e declaración responsable que se atopan dentro do apartado Comunicacions.

A guía está dispoñible na páxina web <https://guiacomercial.ribadeo.gal> para a súa consulta”.

O Concello continúa con varias obras

O Concello de Ribadeo está a realizar obras de mellora no saneamento xeral de Rinlo. O investimento ascende a 40.000 euros aportados polo Fondo de Compensación Ambiental e polo propio Concello. Dende o Concello conctan que as obras estarán rematadas a finais deste mes e a empresa adjudicataria é Viaqua, que resultou a gañadora a través dun concurso público. Para estas obras houbo que adquirir unha pequena leira a un veciño de Rinlo para poder instalar, por medio dela, unha nova condución de saneamento que dea solución ao estrangulamento que había. Instalarán esta tubaxe ao longo duns 400 metros en solo público municipal e tamén se instalarán novas bombas de impulsión e mellorarase a estrutura xeral deste saneamento.

Tamén está a acometer obras de aglomerado na parroquia de Covelas, en barrios como Saa e Somo, e pintando posteriormente polas súas beiras, uns viais nunha distancia duns 1.100 metros. O investimento, procedente de fondos propios, ascende a 58.400 euros. Por outra banda, iniciará contactos con outras administracións para buscar financiamento para as obras de mellora da estrada dos Garitos, que vai paralela á vía de Feve, diante da falta de apoio da Xunta de Galicia. O rexedor lembra que o Concello ten listo o proxecto, que contempla un investimento de 340.000 euros nese vreiro, e tamén as autorizacións pertinentes.

Os socialistas demandan que se intensifique a seguridade na vila

Os socialistas de Ribadeo demandan ao alcalde de Ribadeo que intensifique a seguridade no centro da vila, tralos últimos actos vandálicos ocorridos na rúa Rosalía de Castro.

“Unha mañá espertámonos coa noticia de que había desperfectos en vehículos da Rúa Rosalía Castro con rodas raxadas, así como pintadas en espazos públicos e desperfectos no mobiliario urbano. Por iso recla-

mamos que o Concello busque os mecanismos necesarios, en colaboración con outras administracións se fóra preciso, para que se respeten as normas e boa convivencia na nosa vila”, din.

“Dende a agrupación socialista de Ribadeo queremos amosar o noso rexeitamento a este tipo de actos, e poñémonos a disposición de todos os veciños e veciñas afectados por estes acontecementos”, conclúen.



Pizzeria
XOÍNA

Menu del dia
Menu fin de semana
Reparto a domicilio
982 13 26 01

Pizzas
Hamburguesas
Raciones
Platos Combinados
Rivaro Cunqueiro 6B - Fox
Aparcamiento privado

Grandes tesouros do fondo do mar

A escavación subacuática que levan a cabo investigadores universitarios saca á luz valiosos restos do galeón San Giacomo

Como nas mellores películas, o fondo do mar fronte ás costas ribadenses desvela os seus segredos. Así foi dende o momento no que se descubriron os restos do galeón San Giacomo e comezou o estudo regulamentario por parte da Universidade.

A intervención subacuática forma parte dunha actuación integral que se vén efectuando anualmente desde 2018 e que acada a terceira edición co obxectivo de avanzar no coñecemento da construción naval da Coroa Española do século XVI.

Pero xa se sabe que a Comunidade galega sitúase nun dos primeiros postos mundiais en canto á riqueza e variedade do patrimonio cultural, e non podía faltar o que está baixo a auga.

Este é o terceiro ano que se impulsa a campaña de escavación arqueolóxica en Ribadeo.

TERCEIRA CAMPAÑA. Nesta terceira campaña búscase unha visión transversal do costado de babor e, ademais, constatar que o pecio conserva preto dun 20% da estrutura da cuberta ó longo da eslora no costado de babor. Durante os traballos en marcha, os arqueólogos tamén



Unha vista da escavación subacuática de Ribadeo

localizaron unha cureña naval, un elemento novidoso en España que consiste nun tipo de carro para montar as pezas de artillería, así como unha gran cantidade de munición de pedra e ferro.

O pecio do San Giacomo é un dos grandes xacementos localizados até o momento da súa época e, estes últimos anos, está a aportar unha importante información arqueolóxica sobre a construción naval da Coroa do século XVI.

Comprender este proceso é de capital transcendencia no estudo da historia naval mundial, pois será a partir dos avances na arquitectura naval hispano-portuguesa do século XVI cando se produza a expansión marítima europea, que ao cabo permitiu a este continente exercer o dominio do planeta durante séculos.

O equipo técnico que participa nesta campaña, liderado polo arqueólogo Miguel San Claudio, confórmano profesores universitarios e investi-

gadores de prestixiosas institucións científicas internacionais como o CSIC, a Universidad de Valencia, a University of Texas, a University of Wales Trinity Saint David e a Newport Ship que contan cunha dilatada experiencia na xestión e dirección de proxectos de arqueoloxía subacuática ao longo de todo o continente europeo e americano. Cómtese, asemade, coa achega da Armada Española, que en todo momento se amosou disposta a colaborar nesta actividade científica. O Concello de Ribadeo asemade achega medios e instalacións para o desenrolo da campaña. Outras apreciadas colaboracións as aportan o Real Clube Náutico de Ribadeo e o C.A.S. Costa de Lugo.

RESULTADOS ANTERIORES. As campañas desenvolvidas nos anos 2018 e 2019 pola Xunta de Galicia consistiron na realización de sondaxes arqueolóxicas para caracterizar o pecio, concluíndose a existencia dunha grande cantidade de madeira estrutural cun estrato arqueoloxicamente fértil e que conserva, no seu interior, numerosos elementos de interese patrimonial e cuxa potencia se estima moi importante. Ademais,

recuperáronse algúns dos obxectos e xeorreferenciouse e caracterizouse un pecio próximo, sito ao noroeste do galeón.

Até o ano 2018, as diferentes actuacións levadas a cabo neste xacemento consistiron na toma de datos para a conservación e o estudo dendrocronolóxico para a datación dos restos. Aínda que ambas tarefas resultaron relevantes para o coñecemento científico do xacemento, na actualidade está a traballarse nun estudo integral do pecio. Unha tarefa que está a permitir afondar no coñecemento do estado de conservación e o alcance da estrutura, así como realizar actuacións complementarias para ampliar os traballos de rexistro e documentación dos restos visibles. En canto á conservación actual do buque, ao longo de todos estes anos tense constatado que o sedimento do fondo é altamente dinámico, cunha capa de area superficial que se despraza por efecto das correntes. Na actualidade o sistema de cubrición mediante malla tridimensional aplicado sobre determinados puntos do pecio demostrouse moi eficaz, estando todos eles cubertos desde o ano 2012 en case a súa totalidade.

Instalarán dous puntos limpos de proximidade no centro

O Concello de Ribadeo ven de asinar un contrato para a recollida selectiva coa empresa Ascan Servicios Urbanos. A duración será de tres anos, con posible prórroga dun ano máis, e un custe anual de 83.000 euros. A sinatura deste contrato chega con novidades como a instalación de puntos limpos de proximidade, que xa están situados no parque e na avenida Rosalía de Castro, nos que se poderán depositar pequenos aparellos eléctricos e electrónicos, pilas, aceites, lámpadas fluorescentes ou cápsulas de café. Deste xeito evítanse desprazamentos ao de Ove.

Ribadeo ten dúas liñas de recollida

de residuos domésticos, a principal é a do contedor verde, que é desempeñada con medios propios e con persoal municipal. Pero tamén no tocante a recollidas selectivas, as dos contedores amarelo e azul, a recollida do cartón porta a porta, a xestión do punto limpo e a recollida de plásticos agrícolas, faise a través dun contrato de servizos.

O rexedor subliñou que “tamén supón outra innovación poder depositar nestes contedores selectivos pequenos aparellos eléctricos ou electrónicos como un secador, unha tostadora, un móbil, un cargador, un rato de tablets, etc...”.


a pontenova

Aprazado o XIV Festival das Minas

Dende a Asociación Cultural e Deportiva As Minas da Pontenova, vista a situación sanitaria por culpa da covid-19, comunicaron que suspenden o XIV Festival das Minas que estaba programado para o vindeiro 12 de decembro do 2020.

“Lamentamos non poder levar a cabo este evento pero por responsabilidade e sentido común, o máis axeitado é pensar na saúde de todos nós e empezar a pensar xa na edición do 2021”, dixeron dende a asociación.

“Queremos agradecer públicamen-



Cartaz do festival aprazado

te, no noso nome e no dos comercios involucrados, a colaboración que está tendo todos os que mercaron a camiseta conmemorativa e a lotería de Nadal e animar a seguilo facendo xa que o logotipo das camisetas non cambiará para o ano vindeiro, e seguiremos coa mesma idea de colaboración que tivemos este ano. Esperemos que pronto poidamos volver á normalidade e con ela voltaremos a organizar todas as actividades que ó longo de todos estes anos víñamos facendo no noso Concello”, remataron dicindo.

ESCAPARATE DE XOVE

DESCUBRE TODO O QUE CHE PODEMOS OFRECER

UNHA INICIATIVA PROMOCIONAL DO EMPRESARIADO DE XOVE

- ESCAPARATE DE XOVE ofrece interesantes produtos e servizos.
- ESCAPARATE DE XOVE é unha plataforma que quere unir todas as empresas e profesionais do municipio, amosando os seus produtos e servizos e actuando como un centro comercial unificado.
- ESCAPARATE DE XOVE nace para potenciar os puntos fortes do empresariado de Xove, aproveitando a súa unión e capacidade de organización, o apoio do Concello e as posibilidades que ofrece a dixitalización.



riotorto

vegadeo

EN BREVE

SUBASTA. A Delegación de Economía de Facenda de Lugo procederá á venda de fincas da concentración parcelaria nas parroquias de Espasande e Meilán, en Riotorto, mediante o sistema de subasta pública. Trátase de tres parcelas, dúas delas en Meilán, de 9.800 metros cadrados e de 845, e outra en Espasande de 3.385. Os que desexen participar na subasta deberán presentar oferta en sobre pechado coa poxa antes do 19 de novembro de 2020 na Delegación de Economía e Facenda de Lugo.

PSOE. O Grupo Socialista presentou un novo escrito para comprobar o expediente completo da contratación das 3 prazas, seleccionadas a través do Plan Depuemprego. Concretamente é unha praza de albanel, outra de xardineiro e unha praza de administrativa, na que resultou titular deste proceso selectivo a muller do alcalde. Anuncian que senón atenden esta petición recorrerán á Valedora do Pobo, si é necesario. Dende o Grupo Socialista de Riotorto explican que “o pasado 5 de outubro, é dicir fai máis de 15 días, rexistramos un escrito para revisar estes expedientes, pero o único que recibimos foi o silencio do PP”.

O alcalde solicita á Deputación a licitación do polígono de Vilarín

O grupo municipal do PP insta ao goberno da Deputación “a cumprir os compromisos adquiridos e adoptar as medidas necesarias para sacar adiante os parques empresariais proxectados. Un dos polígonos pendentes é o de Riotorto”.

O portavoz provincial, Javier Castiñeira, xunto con outros membros do seu grupo, e o alcalde, Clemente Iglesias González, visitaron os terreos “nos que xa tería que estar operativo este necesario, esperado e demorado pola Deputación parque empresarial”. Neste senso, solicitan ao presidente desta institución que inclúa nos orzamentos de 2021 a partida correspondente.

Javier Castiñeira destaca que “o presidente da Deputación, que ao pouco de iniciado o actual mandato asegurou que o organismo provincial atendería os compromisos adquiridos por Suplusa, dixo moito máis recentemente, en sesión plenaria, que os protocolos establecidos polo organismo provincial non serven para nada. E aínda máis recentemente, na sesión plenaria celebrada no pa-



O alcalde e Castiñeira, visitando a zona

sado mes de setembro, a deputada socialista Mayra García e a nacionalista Mónica Freire presentaron unha emenda a unha moción do PP na que pedían que se retirase un punto da proposición na que se instaba á Deputación a cumprir todos os compromisos adquiridos por Suplusa en canto a creación de parques empresariais; queda claro, por tanto, cal é a verdadeira vontade do bigoberno provincial”.

“En catro anos, o Concello de Rio-

torto foi conseguindo tódolos informes sectoriais e legais precisos para que o parque empresarial fose unha realidade. O proceso de tramitación administrativa finalizou o 12 de novembro de 2019, coa aprobación definitiva do proxecto de urbanización, que ten un orzamento de 402.250,48 euros. Agora é esta Deputación a que ten que subrogarse nas súas obrigas e nos seus compromisos cos proxectos desta provincia”, explican.

O Concello prevé arranxar as seis estradas afectadas polas choivas

O alcalde de Vegadeo, César Álvarez, reuniuse coa conselleira de Presidencia, Rita Cambor, e o director xeral de Administración Local, Manuel Calvo, para tratar a reparación de seis viais afectados polas choivas do novembro pasado e cuxos traballos prevese que comecen en breve.

Estas obras contarán cun investimento total de 68.921 euros, e son a ponte entre El Suarón e Casa Díaz; o camiño entre Meredo e Nafarea; o acceso á Chispera, a estrada que comunica La Espina de Paramios e Meredo por Llaú; a senda entre El Foxo de Meredo, el Ponte del Río e a Quintana; e a vía de acceso a Ferreirameón.


Ademais, a conselleira visitou algunhas das obras que se están a executar na zona, como a mellora do pavimento no acceso a Las Trabas ou no vial de subida ao Foxo desde a Escola de Añides en Castropol. Os traballos contan cun orzamento de 38.236 euros.



Asociación GDR 1
Terras de Miranda.
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL

IMPULSANDO O DESENROLO DA MARIÑA LUCENSE

Programa de Desenvolvemento Rural:
Leader Galicia 2014-2020



Entregados os premios do concurso Arte con Fabas



A entrega de premios do certame

O Centro de Interpretación da Faba de Lourenzá acolle a entrega de premios da primeira edición do concurso Arte con Fabas, que foi organizado pola Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Lourenzá (ACIAL) coa colaboración do Concello. O certame consistiu na realización dun collage elaborado principalmente con fa-

bas. Establecéronse 3 categorías: ata os 10 anos (A), de 11 a 16 anos (B) e adultos (C).

A gañadora da categoría A foi Martina Yáñez Lorenzo e a da categoría B foi Daniela Yáñez Lorenzo. A C quedou deserta. O premio foi 75 euros en vales de compra para gastar no comercio asociado, un diploma e material escolar.

Comeza o Outono Cultural, con programación todos os sábados

O Concello de Lourenzá acolle o Outono Cultural, organizado pola Asociación Patrimonio Laurentino e que serán os sábados do 7 ao 28 de novembro.

Así, comezará o día 7 ás 18 horas no edificio do Concello coa presentación do libro *O bispado de Mondoñedo na Idade Media*, de Carlos Rodríguez.

O sábado 14 ás 19 horas será a venda de *Memoria de mariñáns*, de Martín Fernández Vizoso, o seguinte sábado ás 20 horas presentárase o libro *No interior do abandono* de Carlos Lorenzo e Baldo Ramos, e xa por último, o sábado 28 o xuíz José



Antonio Vázquez Taín presentará o seu libro *Más allá y más arriba*. Estas presentacións, á excepción da primeira, serán no Pazo de Tovar.



EMBAIXADOR. Adrián Ben foi nomeado Embaixador de Lourenzá no Camiño Norte. Así, o atleta especializado en probas de medio fondo, medallista europeo e gañador de varios récords españois en categorías inferiores representará o significado do Camiño de Santiago: Paixón, dedicación, sacrificio, tenacidade, confianza, control, tolerancia, paciencia e concentración.

A Deputación inviste no Concello

Un convenio permite cubrir diferentes necesidades como a construción dun depósito de auga contra incendios ou as melloras da Casa da Xuventude

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a alcaldesa de Lourenzá, Rocío López García, asinaron o convenio de colaboración polo que a institución provincial achega de preto de 50.000 euros para levar a cabo dúas importantes actuacións para a veciñanza desta localidade.

Por unha banda, o convenio contempla a construción dun depósito de auga contra incendios en Cadros, na parroquia de Santo Tomé. Esta é unha infraestrutura moi necesaria ao tratarse dunha zona forestal extensa e que ten como obxectivo a prevención e defensa contra os lumes.

José Tomé enmarcou esta colaboración coa Concello de Lourenzá no compromiso da Deputación coa cooperación cos concellos e destacou a axilidade na resposta ás súas demandas. "Unha vez que os convenios teñen o visto bo da Xunta de Goberno xa fixamos unha data para asinalo coa entidade ou concello beneficiado, neste caso o Concello de Lourenzá, cun obxectivo claro: que tanto os concellos, como os colectivos da nosa provincia poidan seguir avanzando na dotación e na mellora dos servizos que prestan, nuns momentos que están a ser difíciles debido á crise sanitaria da Covid-19".

CASA DA XUVENTUDE. A Deputación vén de asinar tamén un convenio de colaboración co Concello por



A alcaldesa de Lourenzá, o día da firma do convenio coa Deputación

valor de 50.000 euros para realizar melloras na fachada do edificio da Casa da Xuventude. Concretamente, as actuacións consistirán na súa impermeabilización para acabar coas filtracións de auga. Estas obras son moi importantes porque no inmovible sitúase o PAI (Punto de Atención á Infancia) da localidade e tamén se desenvolven actividades para a veciñanza ao longo do ano. O convenio tamén inclúe a construción dun depósito de auga contra incendios en Cadros, na parroquia de Santo Tomé, para combater lumes forestais. Tamén en Lourenzá, a Deputación de Lugo realizou melloras en 23.000 m² de pistas, camiños e accesos nas parroquias de Santo Tomé e San Adriano. Estes traballos consistiron na emulsión dun triplo rego asfáltico, que se realizou cos medios do Par-

que Móbil, dependente de Xestión Territorial, área da que Tomé Roca é responsable directo. O valor no mercado destes labores ascende a uns 153.000€, unha importante cantidade económica que a institución provincial aforrou ao Concello para poder investir noutras necesidades da localidade.

FONTES. O Concello estivo a facer traballos de limpeza e mantemento dalgunhas fontes, como Carroceiras, San Benito, Arroxo ou Alaxe. Segundo o Concello "máis hacia a primavera restaurárase algunha delas". Tamén está a acometer traballos de limpeza de cunetas en diferentes sitios do municipio. Nesta ocasión foi en Cazolga, Recemil e Santo Tomé, así como de beirarrúas nos accesos ao casco urbán.

Melloras no campo de fútbol para adestramento

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, supervisou as obras de dotación de céspede artificial do campo de fútbol de adestramento de Lourenzá, que contan cun investimento da institución provincial de 255.000 euros. Fíxoo durante a visita que realizou esta mañá ao municipio, xunto á Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, e a Alcaldesa, Rocío López García.

José Tomé explicou que Lourenzá conta con dous campos de fútbol -un para disputar partidos e outro de adestramento- que teñen céspede natural, feito que limita as horas de emprego. "Para favorecer a práctica deportiva dos máis de 100 rapaces de distintos equipos e categorías que usan estas instalacións a diario, dótase de herba artificial a un deles", subliñou Tomé Roca, quen enmarcou esta colaboración económica no



Visita ao campo de fútbol de adestramento dos responsables provinciais

compromiso da institución coa cooperación cos concellos para dotar e mellorar os servizos públicos dos veciños e veciñas", subliñou Tomé. Os traballos, que se están levando a cabo actualmente, consisten no movemento de terras e escavación en baleirado para a instalación do firme e dos pavimentos; drenaxe con canaletas nos laterais do campo, tubaxes de PVC e arquetas de fábrica de ladrillo, e bordos de formigón

nos fondos do campo. En canto á pavimentación, esta levará un tratamento superficial de base herbicida e base de zahorra artificial de 20 cm. Así mesmo, dotárase dunha rede de rego con aspersores emerxentes, depósito prefabricado enterrado de 20m³ e un grupo de bombeo. Por último, instalárase unha estrutura para balóns de 6ms de altura e 4 picas de córner. As obras estarán rematadas a finais de novembro.

Mondoñedo impulsa a creación do Servizo de Atención Postemperá

O Servizo de Atención Temperá, que cubre as idades comprendidas entre 0 e 6 anos, completárase coa prestación de atención postemperá, para os maiores de 6 anos para atender ao redor de 40 familias.

A concelleira Ángeles Rodríguez Rico, tenente de alcalde e responsable de Servizos Sociais, sinala que “é necesaria a ampliación do servizo para favorecer a integración plena dos menores”. Actualmente tamén manifestaron o seu interese en participar os concellos de Meira e Pol e en Mondoñedo están moi interesados na súa integración.

No Concello consideran que é preciso prestar atención postemperá tamén para evitar que, de repente, ao cumprir seis anos, quede suspendida a atención que precisan os nenos adscritos a este servizo, polo simple feito de acadar unha determinada idade. Evítase así que queden sen posibilidade de seguir co procedemento terapéutico que se estaban a desenvolver debido ó lugar onde viven, dificultando así a súa integración social.

Por outro lado, este mesmo servizo de atención postemperá pode cubrir outras necesidades. Apuntan que



Aula de atención temperá

dende o pasado verán está aberta unha minirresidencia de menores, xestionada pola Fundación Educativa e Social Dignidade, e algúns usuarios da mesma poderían necesitar atención e sesións terapéuticas que esta unidade podería resolver de xeito satisfactorio para os residentes. A entidade que xestiona esta minirresidencia é a Fundación Educativa e Social Dignidade.

Ten por obxectivo atender o máis axiña posible as necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos/as con trastornos no seu desenvolvemento ou risco de padecelos. No ano 2020 esta agrupación de concellos abarca 8 municipios, incluídos posteriormente Barreiros, Lourenzán e A Pontenova.

Editan un libro de receitas para cociñar con faba verdina

Despois da celebración das I Xornadas Gastronómicas da Faba Verdina elaborouse un libro de receitas que recolle as propostas de catorce establecementos hostelarios.

As preparacións e as combinacións da verdina son moi amplas, e van dende os guisos lentos de puchero ata os salpicóns ou as tortillas de ovos.

Nesta proposta poden atoparse receitas para todos os gustos. O Bar Amanecer aporta os segredos das Fabas con cogomelos cantarelos; Restaurante Padornelo optou pola Verdina ó salpicón; a Taberna do Valeco, por Verdina con xabaril; o Café Vinoteca Segundo (Centro Social) aposta por Verdina con luras na súa tinta; A Taberna da Galiana propón Fabada de verdina; A Bodeguiña opta por Ms. Beans. Tortilla de verdinas; O Petisco. Viñoteca decántase por Verdina con xabaril á cazadora; Bar o Rincón revela os secretos das Verdinas con ameixas; Bar o Porriño inclínase por Verdinas con bacallau; Bar Castro elixe Fabas con bacallau



e gambas; Bar A Tasca opta por Verdinas con sepia; Bodegón a Catedral explica como se fai a Verdina con poldro; Bar O Pasatempo decántase polas Fabas con ameixas; O Palique ensina como son as Verdinas con gulas e gambas.

As xornadas e o libro de receitas obedecen ao obxectivo común do Concello e da asociación de dar a coñecer un produto de gran calidade como é a faba verdina.

Os socialistas preguntan no Pleno pola venda da Casa de Cabanela

O Grupo Socialista de Mondoñedo preguntou na pasada sesión plenaria, celebrada o 31 de outubro, polo procedemento que vai seguir o Concello para a venda da Casa de Cabanela. Segundo consta na plataforma do perfil do contratante realizase mediante pública subasta e procedemento aberto, da totalidade das fincas pertencentes ao edificio sito en avenida San Lucas número 9, Mondoñedo.

O Concello de Mondoñedo adquiriu o inmovible en escritura pública autorizada polo notario Marcelino Estévez Fernández o día 25 de outubro de 2019. Dita adquisición tiña coma finalidade a implantación de servizos sociais no inmovible. A licitación fíxase en 455.271,50 euros que poderá ser mellorado á alza.

O Concello de Mondoñedo adquiriu este inmovible a través dun convenio co Instituto Galego de Vivenda e Solo por un importe de 450.000 euros, que o Concello ten que devolver en oito anualidades de 56.250 euros. O PSOE lembra que se opuxo á compra deste inmovible, xa que o



Unha vista da Casa de Cabanela

Concello non precisaba dun edificio destas características, tal e como agora comprobamos, nin é unha competencia municipal atender estes servizos, ademais de que o propio Concello dispón dun edificio nesa rúa.

Nesta interpelaron ao Goberno sobre os problemas de cobertura da telefonía móbil e internet en Estello e Tronceda, e no que os veciños tiveron acudir á Valedora do Pobo para que foran atendidas ás súas demandas, pero que a día de hoxe

xa están solventados.

O Grupo Socialista tamén rexistrou un rogo para que lle fose entregada documentación que solicitou o pasado 1 de xuño de 2020, con número de rexistro 1479, no que solicitaba copia de 3 expedientes, que 4 meses despois aínda non fora entregada, e que foi facilitada esta mesma semana do pleno.

Por último, trasladou a necesidade de colocar nos parques infantís “un panel coas normas de seguridade que inclúa desinfectante”.

O alcalde avanza que se están a facer melloras en parques

O alcalde do Vicedo, Jesús Novo, informou que están “a facer moitas obras de mellora por mor das adjudicacións das subvencións e que comezarán en breve”.

Adxudicouse unha das obras do Plan Único, que en concreto é mantemento e mellora dos accesos a Vilar, Pazo, Vilagudín, Gatariza, Crecide, A Poceira, Os Barcos, Chaví, Castro Bo, Morgallón e Abrela. Esta obra adxudicouse por 110.000 máis IVE.

Tamén adxudicouse con cargo ao Plan Único a substitución dun muro na parroquia de Suevos, concretamente en Folgouero, por un importe de 47.371 con IVE engadido.

Por outra banda, as obras do fon-

do de compensación xa están practicamente rematadas como son a creación dun parque didáctico na praia de Xilloi, que se atopa preto do aparcadoiro, e tamén o aforro enerxético nesta zona mudáronse as farolas por leds ao igual que no paseo marítimo de Xilloi.

O rexedor tamén comunicou que “estamos en proceso de adjudicación das obras de mellora e accesibilidade na escola de San Roman, que está cedida a dúas asociacións, na que se colocará unha rampla e mellorar os aseos sobre, o que contará cun importe de arredor a 47.000 euros”.

Tamén empezaron coas obras dun novo parque infantil cuberto grazas

á concesión dunha subvención de case 34.000 euros da Xunta de Galicia. Dito parque infantil atopárase no edificio multiusos, onde tamén está o Punto de Atención a Infancia. O alcalde, Jesús Novo, informou que este parque servirá para que os nenos dispoñan dun lugar onde xogar durante o inverno a cuberto. Ademais dos 33.816 euros cos que axuda o Goberno galego, o Concello completará os 48.308 euros que supoñen o proxecto total.

Por último “imos adxudicar unha sinalización ao Fuciño do Porco, así como o acondicionamento do acceso, abrir cunetas, etc, facer pequenas melloras”, comunicou Novo.

Supermercado CLAUDIO
“OS PELAMIOS”
SEMPRE Ó TEU CARÓN
Rúa da Fonte, 44. 27740 Mondoñedo (Lugo) Telf.: 982 507 317

o valadouro

O Concello executou obras en camiños

O Concello, cun investimento de 54.594,05 financiado con fondos Feder a través de Agader, executou actuacións dentro do programa de mellora de camiños. Estas foron no camiño A Balsa, Loureiro e Muxueira cunha lonxitude de 1.602 metros, e no camiño Iglesia de Recaré á Estivada nun tramo de 714,5. Os traballos realizados comprenden a limpeza e perfilado de cunetas con motoniveladora, a limpeza de canos obstruídos, a eliminación da vexetación existente na calzada mediante refino con motoniveladora e posterior carga e transporte de residuos. Tamén se fixo o barrido de firme por medios mecánicos con cepillo de aramio, incluso repaso manual, a eliminación de fochas existentes no pavimento de distintas formas e tamaños e a dobre rega asfáltica.

A Deputación subvenciona as melloras no centro de día

Saíu adiante un convenio de colaboración a través do que a Deputación achega 114.000 ao Concello do Valadouro para varias actuacións, como a adquisición de bombas de recirculación de auga para a piscina municipal, a adecuación dun inmoible para o uso de centro de día e a elaboración dun proxecto de construción de vivendas en Ferreira do Valadouro.

A Deputada explicou que este proxecto ten como finalidade “a creación dunha bolsa de vivendas de protección oficial no centro de Ferreira, cerca dos principais servizos: centro de saúde, colexio, casa da cultura, parques, restaurantes e comercios locais, o que

suporá un incentivo para a actividade económica do Valadouro”.

“Esta iniciativa municipal que impulsa a Deputación busca fixar poboación nun concello rural, promovendo que as novas xeracións poidan quedarse a vivir en Ferreira e evitar que se vaian a outras localidades”, engadiu.

A previsión inicial é construír 22 vivendas, nun edificio que terá un soto con 22 prazas de garaxe, 22 trasteiros, planta baixa con locais comerciais, 3 alturas e 1 planta baixacuberta.

Os prezos das vivendas estarán regulados e serán asequibles, co obxectivo de facilitar ao máximo o acceso ás mesmas.

Acondicionan a rotonda de acceso

O Concello do Valadouro está acondicionando a rotonda de acceso ao centro urbano e á zona verde da piscina municipal.

Os traballos supoñen un investimento de 16.415,30 euros con cargo aos remanentes do Plan Único 2019 da Deputación de Lugo.

Apoústase por un deseño baseado en plantas coa utilización de especies arbustivas relativamente rústicas (necesidade de rega manual puntual), a combinación de especies perennes e caducas. Teñen presenza estacional de flor nalgunhas especies arbustivas utilizadas, con variacións estacionais de cor. Tamén crea-



Imaxe das obras na rotonda de entrada á vila

ranse zonas verdes cun maior grao de biodiversidade con utilización de tres estratos: herbáceo, arbustivo e arbóreo.

E así mesmo, colaborarase cun sector (xardinería e viverismo) afectado pola crise actual para o mantemento da mesma.

A Protectora fai unha chamada de axuda

A Asociación Protectora de Animais fixo unha chamada pública nas redes sociais de axuda, “dependemos dos donativos para poder continuar”, escribiron nas redes. “Como todos sabedes non estamos a pasar un bo momento. As instalacións seguen en estado semi ruinoso, por iso non temos nin subvencións nin axudas económicas de ningunha administración pero seguimos tendo os nosos animais e axudando a todos os posibles”, din dende a protectora. As persoas que poidan e desexen axudar poden facelo na conta bancaria de Abanca ES62 2080 0117 1530 4000 9618. Tamén poden contribuír sumándose ao chamado teaming, o que supón axudar cun euro ao mes. Pódese facer dende esta ligazón.

A AD Río Ouro solicita unha grada para o campo do Árbol

O deputado do Deportes Efrén Castro reuniuse no Valadouro coa directiva da Asociación Deportiva Río Ouro, que lle expuxeron a necesidade de dotar dunha grada o campo de fútbol sintético do Árbol.

Segundo explicaron, trataríase de construír unha grada con capacidade para un cento de persoas, para uso do público que se achega ao campo para seguir os adestramentos e os encontros dos equipos de base da entidade. Ademais, pediron a instalación de protectores no sistema de rego que sobresaia na contorna do céspede.

Efrén Castro comprometeu a financiación da área de Deportes “para facer a obra que demandan desde a Asociación Deportiva Río Ouro e contribuír a que as instalacións ofrezan as mellores condicións posibles tanto para os nenos e nenas que empregan o campo como para as familias e afeccionados que os acompañan”. “Unhas infraestruturas seguras e que respondan as necesidades dos usuarios e usuarias facilitan a práctica do deporte, sobre todo nas categorías de base”, valorou o deputado no encontro, ao que tamén asistiron os concelleiros Eduardo Chao e Eliseo Teijeiro.

Caduca a licenza de obra dos esqueletos de edificios de Galdín

Visita do alcalde á zona.

O Concello de Cervo avanza nos trámites relativos a eliminación dos esqueletos construtivos erguidos na zona de Galdín.

Tal e como informou o rexedor, Alfonso Villares, “xa declaramos a caducidade de licenza urbanística das dúas estruturas que están situadas na rúa Bellavista, na zona da Galdín en San Cibrao, que lle foran outorgadas no seu momento a Construcciones Os Molineros S.L. e á Inmobiliaria Pasillo Verde S.L, res-

pectivamente, entre os anos 2006 e 2007”. O seguinte chanzo do proceso será iniciar o expediente para a reposición da legalidade urbanística.

Villares esgrime que “aínda que o proceso é complexo”; estamos a dar os pasos oportunos, sen demora, para lograr o obxectivo, “traballando para beneficio de todos os cervenses, por motivos de seguridade e tamén de ornato público”.

Melloran o saneamento en zonas de Cervo e San Cibrao

Un momento da visita ás obras que se están a realizar

O Concello de Cervo renova a rede de saneamento en diferentes zonas de Cervo e San Cibrao. Os traballos contan cun orzamento de 23.600 euros, procedentes do Fondo de Compensación Ambiental. O alcalde, Alfonso Villares, acompañado da tenente alcalde, Dolores García Caramés, e da edil de Obras, Malí Méndez, supervisou este mediodía os traballos de saneamento que se están acometer estes días no núcleo de Cervo, en concreto, na rúa Xosé María Cao, á altura do parque infantil Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane da capitalidade municipal. Estes traballos, que estarán rema-

tados previsiblemente a vindeira semana, veñen sumarse a outras actuacións de saneamento que se foron acometendo días atrás en San Ciprián, en concreto na rúa do Cobo; tamén entre as rúas Aduana e Pena Mea; e no cruce da rúa da Caosa coas rúas Hospital, do Lugar e da rúa do Campos. As actuacións teñen un orzamento de 23.600 euros, procedentes do Fondo de Compensación Ambiental. Son investimentos en infraestruturas básicas, que non se ven, que están soterradas, pero que supoñen unha mellora importante na calidade de vida da veciñanza.

Liñas de apoio municipal

O Concello de Cervo ten abertos os prazos para solicitar as axudas a autónomos, as de transporte e tamén as de material escolar

O Concello de Cervo convoca unha liña de axudas para a reactivación económica e social do municipio dirixida a todas as persoas autónomas –que inclúen ao sector agrario e pesqueiro- e microempresas que exerzan a súa actividade no ámbito municipal.

Así o anunciaron o rexedor, Alfonso Villares, e a edil de Facenda, Dolores García Caramés, que debullaron as principais liñas sobre as que se asenta este plan “co que pretendemos poñer o noso grao de area para contribuir a incentivar a actividade en Cervo, e axudar a paliar as graves consecuencias derivadas da COVID-19, que está a golpear seriamente a moitas persoas emprendedoras do municipio”.

Cada persoa autónoma recibirá un mínimo de 100 euros e un máximo de 850, en función de factores como a posesión ou non de establecemento físico para o exercicio da súa actividade ou o número de empregados/as ao seu cargo.

Así, tal e como explican, mobilizaremos 90.000 euros, e cada persoa autónoma con ou sen local recibirá 100 euros, unha contía á que sumará 200 euros se dispón de local; e 200 euros



O alcalde de Cervo, Alfonso Villares, nas instalacións municipais

máis se ten entre 2 e 5 traballadores; ou ben 500 euros se emprega a máis de 5 persoas; o que sumaría a contía máxima de 850 euros a recibir.

Pola súa banda, Caramés recordou que a estas axúdas “súmanse a outras que xa puxemos en marcha nos meses pasados para aliviar a carga dos pequenos/as empresarios”. En concreto -recorda-, “non se cobrou a taxa do lixo desde mediados de marzo e ata que se levantou a obriga de peche; tamén se facilitou a ampliación das terrazas nos espazos públicos sempre que foi posible; e modifícase a ordenanza para eliminar a

taxa de terraza desde o 15 de marzo e durante todo este ano”.

TRANSPORTE ESCOLAR. O Concello de Cervo, a través da delegación de Educación, dispón dunha partida de 12.000 euros para as axudas ao transporte escolar daqueles/as alumnos/as que cursan estudos fóra do termo municipal; sempre que se trate de formación ou titulacións que non se impartan en ningún centro do termo municipal.

Os/as estudantes terán que cumprir os requisitos establecidos nas bases, dispoñibles na Casa da Cultura e na

Casa do Concello, e presentar a documentación requirida antes do 6 de novembro, no Rexistro Xeral do Concello.

Tal e como sinalou o rexedor, Alfonso Villares, trátase dunha subvención financiada ao 100% con fondos municipais co obxectivo de “apoiar ás familias na educación dos seus fillos e contribuir a que exista igualdade de oportunidades. E por suposto, é unha forma de apoiar a formación e o estudo, ao igual que facemos con outras subvencións tamén municipais, como é o caso das axudas ao material escolar e libros, ás ANPAS ou aos colexios”.

Cada beneficiario/a, que deberá ter menos de 30 anos, e que cumpra os requisitos que recollen as bases, recibirá 150 ou 250 euros, en función da renda familiar.

Ademais, o/a solicitante ten que cursar algunha destas titulacións: Ensinanzas universitarias, estudos musicais en conservatorios e escolas de música, Bacharelato (nalgunha das modalidades que non se imparten no Concello de Cervo) ou ciclo medio ou superior de Formación Profesional.

MATERIAL ESCOLAR. O Concello de Cervo abre o prazo de solicitude de axudas para a adquisición de libros e material escolar para as familias do alumnado de Educación Infantil (2º ciclo) dos dous centros do municipio nos que se imparte este ciclo educativo, o CEIP Península da Paz e o CEIP de Cervo.

A convocatoria permanecerá aberta ata o 6 de novembro.

O rexedor, Alfonso Villares, apuntou que “dispuxemos dunha partida orzamentaria de 8000 euros para estas axudas e cada escolar recibirá un máximo de 130 euros en función da renda familiar”.

Cada impreso de solicitude deberá ir acompañado das fotocopias do DNI dos membros da unidade familiar, unha fotocopia do libro de familia, certificado do nivel de renda e factura da compra ou orzamento do material adquirido nun establecemento comercial do municipio. A documentación ten que presentarse no Rexistro Xeral do Concello.

Os impresos e as bases están dispoñibles na Casa da Cultura e no Concello de Cervo e tamén no taboleiro de anuncios da páxina web municipal.

O Concello reestrutura as escolas deportivas de adultos debido á incidencia da covid

O Concello reorganizou as actividades que se imparten nas Escolas Deportivas de Adultos para adaptarse ás novas limitacións en canto ao número de persoas asistentes; fixado nun máximo de 5 persoas.

Así, tal e como explica o edil de Deportes, David Rodríguez, naquelas actividades nas que a inscrición superaba esa cota, “decidimos dividir o grupo en dous, axustando o número de sesións por semana”, unha redución no número de horas semanais –aclara- “que loxicamente se verá reflectida como corresponde nos recibos que se emitirán”.

Rodríguez avanza, do mesmo xeito, que as Escolas Deportivas Infantís, nas actividades de multideporte, ximnasia rítmica e patinaxe artística, comezaron xa “respectando sempre a normativa actual e todas as medidas de seguridade e prevención fronte á covid-19”. De feito, ao longo desta semana desde o Concello de Cervo contactáronse coas familias para informalas de todo o relativo ao arranque da nova tempada.

O BNG reclama un segundo elevador no Centro de Día



Centro de día de San Cibrao

O BNG cervense criticou a xestión da empresa concesionaria do Centro de Día-Residencia de San Cibrao (CDR) e os problemas que a avaría do único elevador estaba ocasionando nas persoas usuarias. Trala reparación realizada aos poucos días de que o BNG sacase o problema á luz, os concelleiros nacionalistas consideran “unha boa noticia que a avaría do elevador fora resolta antes do previsto”.

Diego Fernández e Xorxe Caldeiro son conscientes de que o centro cumpre coas instalacións mínimas legais regulamentarias, pero rexeitan que iso sexa motivo

para a inacción e consideran que o obxectivo debe ser mellorar as dotacións para evitar situacións problemáticas coma esta no futuro: “é necesario aprender dos problemas e por iso esiximos melloras na xestión por parte da concesionaria e maior rigor no control por parte do Concello de Cervo, como titular do CDR, ao que reclamamos un proxecto para a instalación dun segundo elevador no centro que evite no futuro situacións problemáticas innecesarias como o confinamento forzoso de persoas residentes impedidas a saír do seu andar durante días”.

Rematadas as obras de mellora da rúa do Faro, de San Cibrao



O alcalde, visitando as obras da rúa Monte Faro

O Concello de Cervo vén de recibir as obras da segunda fase da mellora da rúa do Faro, no Porto de Arriba de San Cibrao, que contaron cun orzamento de 126.000 euros, dos cales o 75% procederon da Xunta de Galicia, e os restantes das arcas municipais.

O rexedor, Alfonso Villares, que se desprazou acompañado por varios membros do equipo de Goberno, explicou que “a obra, que comprende o tramo desde o acceso á Praza de Urbanización ata o aparcadoiro, consistiu na mellora do pavimento

da rúa, eliminando barreiras arquitectónicas e renovando a rede de saneamento”. Ademais, tamén se deixaron preparadas canalizacións para o soterramento do alumeadado público e as telecomunicacións.

Esta obra vén completar a renovación integral de toda esta contorna, que supuxo un investimento total de 300.000 euros; xa que a primeira fase que comprende o tramo entre a rotonda e o acceso á praza de Urbanización, foi executada cos fondos do Plan Único, e recepcionada a finais do pasado ano.

“San Tirso permítenos coñecer como vivían en Portocelo”

David Fernández Abella é o encargado de realizar as escavacións nesta zona

O equipo CADO Arqueoloxía, no que David Fernández Abella é o director do proxecto, é o encargado de realizar as escavacións do xacemento de San Tirso de Portocelo nesta primeira fase. Nestas primeiras semanas de traballo inicial, a idea é saber se o castro ten interese arqueolóxico e tamén valor científico.

Como foi a primeira fase de escavación de San Tirso de Portocelo?

É a primeira vez que se escava no xacemento de San Tirso de Portocelo, polo tanto era una incógnita arqueolóxica o interese e grado de conservación dos restos. Tras tres semanas de traballo de campo podemos dicir que o interese dende o punto de vista científico é moi alto, e o grado de conservación dos restos soterrados, polo menos na parte que nós intervimos, é moi bo. Non obstante, estas sondaxes son apenas 16 m2 de case una hectárea de extensión do xacemento. Coñecemos moi pouco.

Que interese arqueolóxico ten?

O interese arqueolóxico é moi alto, xa que o alto grado de conservación

dos restos arqueolóxicos de San Tirso de Portocelo permite traballar con contextos pechados, nos que poder investigar e comprender sociedades e momentos históricos dos que non temos documentación conservada. San Tirso permítenos coñecer como vivían os habitantes de Portocelo nunha aldea fortificada de hai dous mil anos, e como vivían os monxes que habitaron nun mosteiro dúplice hai mil douscentos anos, todo nun mesmo espacio físico.

Cales foron os achádegos máis importantes atopados?

Atopamos multitude de restos arqueolóxicos de interese, obxectos cotiás da vida do castro que nos falan de actividades diarias, pero tamén actividades comerciais e actividades productivas. Destacamos polo seu valor estético una conta oculada de pasta vítrea, de cor azul, pero en realidade cada peza e importante para comprender a totalidade do xacemento en cada época.

Como se conserva o cemiterio?

Os restos da necrópole localizada atópanse en bo estado. Nós só es-

cavamos una pequena parte: cinco sepulturas das que só investigamos dúas na súa extensión total. O grado de conservación, ao atoparse a moi pouca profundidade, non é excelente, pero ao tratarse de estruturas en negativo, foi relativamente sinxela a definición das fosas que conforman o espacio de deposición dos cadáveres.

Había restos de persoas no cemiterio?

Non; lóxicamente houboos, pero o grao de acidez do solo e o paso do tempo acabou por facer desaparecer (polo menos á vista dun análise macroscópico) todo resto pertencente ás persoas inhumadas alí.

E obxectos?

Tampouco; nas fosas non localizamos elementos de axuar funerario. Seguramente non os hai por razóns espirituais, para ofrecer a ollos de Deus unha imaxe de pobreza e arrepentimento no momento da morte.

Cando estiman rematar?

O prazo legal para a entrega da memoria da actuación e o depósito



Equipo arqueolóxico e operarios do Concello

dos materiais arqueolóxicos recuperados no proxecto de San Tirso de Portocelo é de seis meses.

E cando comezarán as seguintes fases?

Bueno, de momento non finalizou o proxecto completo, aínda que si os traballos de campo. Quedan seis meses de estudo dos datos recompilados en campo, inventariado e análise dos restos recuperados, elaboración de planimetrías, etc. Esperamos ao finalizar poder exponer públicamente os resultados a todos os vecinos.

Cal é a finalidade destas escavacións. Acabarán sendo un enclave turístico importante?

Bueno, a primeira finalidade sem-

pre ten que ser obter coñecemento, dende logo. Estas intervencións se fan principalmente para coñecer a través dos restos materiais o noso pasado. A medio prazo estes recursos patrimoniais, cunha xestión responsable, poden converterse en puntos significativos, dinamizadores dunha contorna.

Coidamos que San Tirso si o podería ser. Está situado nun enclave moi fermoso a nivel paisaxístico, e no medio dunha importante ruta de sendeirismo que pasa pola costa de Portocelo. Se ademais lle sumamos que o xacemento ten un bo grado de conservación dos restos que poder admirar, digamos que ten todos os elementos axeitados para poder apostar por él como enclave turístico importante.

alfoz

EN BREVE

TEATRO. O teatro chega á casa da cultura en novembro, así, poderase desfrutar da obra *A viaxe do Sr. López* o sábado 7 ás 19 horas. O venres 13, ás 20.00 horas será a quenda de *Rosalía* de Culturactiva, e o sábado 21, Serxio Pazos actuará co seu monólogo de humor ás 19.00.

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA. O Concello organiza o I Concurso de Fotografía Alfoz no outono. Desde o 2 ao 30 de novembro poden presentarse as fotografías nas que haberá 3 premios de 300, 200 e 150 euros respectivamente máis diploma. Para participar e máis información haberá que chamar ao Concello ou na páxina web.

CLUB DE LECTURA. O Club de Lectura retoma a súa actividade. Así, os xoves alternos será en horario de 19 a 20 horas na biblioteca. Nesta primeira ocasión a obra elixida é *A dúbida* de María Reimóndez. A Biblioteca Pública ten a disposición dos seus usuarios dous lectores de libros electrónicos para maiores de 14 anos.

A Deputación inviste na mellora dun local social en Carballido

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou dous convenios de colaboración que teñen como obxectivo mellorar as infraestruturas no Concello de Alfoz por un total de máis de 130.000 euros.

Por un lado, Tomé Roca asinou un convenio de colaboración co presidente da asociación de veciños San Sebastián de Carballido de Alfoz, Jesús Paz Pumares, coa finalidade de axudar a mellorar o local social do colectivo. Esta axuda ascende a 16.645 euros para reparar a cuberta e as escaleiras que comunican a planta baixa co primeiro andar.

“Neste caso, trátase dunha asociación de veciños dunha parroquia pequena, pero que está moi pegada á veciñanza e que se mantén activa. Cónstame que moitas das persoas que forman parte do colectivo son xente nova, que son o futuro da provincia, e as institucións deben estar



Firma do convenio da Deputación co Concello de Alfoz

do lado destas persoas”, di Tomé. Por outro lado, o mandatario provincial asinou un convenio co alcalde de Alfoz, Jorge Val, para axudar a financiar a construción dunha nova nave de almacén de maquinaria municipal cunha achega provincial de 115.300 euros e 4.435 euros da achega municipal. Esta nave instala-

rase na Granda de San Pedro, xunto á piscina municipal, o colexio e a casa consistorial.

Construirase unha nave de 350 m2, completamente diáfana que dará cabida a 2 tractores desbrozadora, 1 motobomba, 1 pala mixta, 1 camión grúa pequeno e 1 vehículo todoterreo.

Abre o prazo de solicitude para as axudas ao transporte de estudantes

O Concello de Alfoz abre o prazo para solicitar as axudas de transporte para estudantes, para o alumnado do Concello que estuda BAC e FP nos IES da Mariña.

Estas achegas son de ata 400 euros por curso e alumno para sufragar os gastos de desprazamento ata os centros educativos, posto que o IES de Alfoz-Valadouro só conta con ensino secundario e isto supón que rematada a ESO os estudantes teñen que estudar fóra do municipio.

Desde a Delegación de Atención á veciñanza ofrécese o servizo de axuda para a súa tramitación, como se fixo xa un curso máis coas becas do MEC, solicitudes de tarxetas de bus, etc. coa finalidade de facilitar o acceso das familias aos servizos e axudas das administracións locais e supramunicipais das que podían beneficiarse.

A plataforma Escaparate de Xove conta xa con 55 empresas

A plataforma Escaparate de Xove viu a luz ofrecendo interesantes produtos e servizos e contando con 55 empresas rexistradas e que unirán a todas as empresas e profesionais do municipio, amosando os seus produtos e servizos e actuando coma un centro comercial unificado. Nace para potenciar os puntos fortes do empresariado, aproveitando a súa unión e capacidade de organización, o apoio do Concello e as posibilidades que ofrece a dixitalización.

Será unha plataforma viva que cada empresa poderá actualizar a diario. Ofrece un mapa de ofertas e promocións, é dicir, que se poderá ver nun único sitio as ofertas de todo o municipio. Nestas datas xa se poden atopar unha gran variedade de descontos e bonos de tratamentos de beleza; descontos en alugueiro de carpas para celebracións; cestas de Nadal personalizadas; envíos gratuítos



Presentación do Escaparate Xove

tos de compras en liña; descontos en actividades de formación; Eurovales, vales en roupa; ofertas de perruquería; cartas especiais de fin de semana en restaurantes; promoción de lavados de vehículos; descontos en combustibles; vehículos quilómetro 0; mobles; ofertas en supermerca-

dos; descontos en material escolar e libros; descontos en seguros médicos; seguros de vivenda; descontos en limpeza de portais; descontos en xerseys de inverno; ofertas de moldes de forno; flores artificiais; regalos de sinalización; promoción de aloxamento de fin de semana, etc.

EN BREVE

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA. Xa hai gañadores do VII Concurso de Fotografía Medioambiental. Os agasallados foron Emilio Pérez Vázquez coa obra *Coído que conseguiu o primeiro premio*, Pablo Fernández Frá acadou o segundo coa foto *Energía limpa*; Antonio Herrera Huerta coa imaxe *Rampa de la ballenera*, Germán Paleo Navarro con *Cabo Morás*, e o quinto premio foi para Juan Antonio Fernández Vázquez e a obra *Xuntos*.

ITV MÓBIL. A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará en Xove o día 5 de novembro diante do cuartel da garda civil en horario de 9 a 13.30 e de 15.15 a 18.00 horas. Hai que solicitar cita previa no teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com. Non se pasará inspección a vehículos con carga nin a vehículos con apeiros.

OMIX. O Concello preparou a programación de actividades para este outono-inverno, que conta con obradoiros e actividades deportivas. Así haberá ioga e manualidades e as actividades deportivas son ximnasia de mantemento, aerobio e fitness, pilates e pilates para maiores de 50. Estes están parados á espera de que mellore a situación pero a inscrición xa está pechada. En novembro acollerá un acto reivindicativo polo Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra a Muller que será o 25, e o sábado 28 elaborárase un video corto reivindicativo.

Aberto o prazo para solicitar árbores froiteiras autóctonas e plantas ornamentais

A Concellería de Agricultura, Ganadería e Montes do Concello de Xove abriu o prazo para solicitar árbores froiteiras autóctonas e plantas ornamentais. Trátase dunha iniciativa que a Concellería ven desenvolvendo dende hai anos co fin de mellorar o medio natural do Concello e o entorno das vivendas. A esta iniciativa poden acudir todas as persoas que estén censadas no Concello.

Como novidade este ano, tamén se abre esta solicitude a todos os pro-

pietarios de parcelas ubicadas no termo municipal que non estean censados en Xove, cuxas parcelas estén afectadas pola faixa de protección de incendios de núcleos rurais, vivendas, etc. Neste caso, estes propietarios só poderán solicitar árbores froiteiras autóctonas.

O prazo para solicitar é ata o 30 de decembro. As solicitudes haberá que facelas nas oficinas do Departamento de Agricultura en horario de oficina, de 9 a 14 horas.

Estudan a creación dun centro de día no local de Cogami

O Concello de Xove quere crear un centro de día no actual local de Cogami, Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, así o está a pensar o alcalde, Demetrio Salgueiro, quen ve unha boa idea esta creación xa que o municipio non conta con este servizo. O edificio, situado en Palmeiro, é de nova construción e conta cunha idóneas condicións de accesibilidade e de alumeado, ademais dispón de amplos aparcadoiros. Para este cambio de uso do edifi-

cio e necesario a autorización do Ministerio de Sanidade, a Xunta, a Deputación de Lugo e a Fundación Once, ademais de preparar un estudo económico sobre o mantemento e o persoal necesario.

Agora mesmo o centro está homologado pola Xunta de Galicia para 21 prazas de día, polo que habería que ampliar esa cifra para dar servizo a máis veciños e a súa titularidade é da asociación A Mariña-Cogami.

O Concello é dos primeiros en instalar tótems de acceso térmico nos espazos deportivos



O alcalde xunto a un dos tótems instalados

O Centro Cívico de Xove conta cunhas importantes instalacións culturais-deportivas cubertas nas cales desenvolven a súa actividade moitísimas persoas ao longo do ano. Estas son o pavillón de deportes, piscina municipal, salón de actos e aula multideportiva, instalacións que centralizan moitas das actividades ao longo do ano.

Ao tratarse de grandes espazos, as medidas simples non bastan, por iso dende o Concello de Xove vén de adquirirlle á empresa Gadevisión 4 tótems de acceso térmico con desinfección, o que supuxo un investimento total de 7.840 euros.

Cada tótem conta con pantalla táctil de 3,8", comunicación Wifi, termómetro e sensor ultrasónico, información de aforo, capacidade e conteeo, desinfección de pés e lámpara UV e dosificador de hidroalcol de mans integrado.

Trátase dun equipo totalmente autónomo xa que non necesita dun ordenador e que ten un mínimo mantemento.

Un dos tótems adquiridos xa está instalado no pavillón de deportes e estreouse no partido entre a Fútbol Sala Xove e o Club Ribeira Fútbol Sala o pasado 24 de outubro. Os tres restantes iránse instalando segundo vaian chegando ao Concello.

A instalación realízase na entrada dos distintos recintos e por el teñen que pasar todas as persoas que sexan deportistas, espectadores, etc, que accedan a calquera dos espazos citados.

Segundo os datos que posúe o Concello, Xove vai ser o primeiro da Mariña e un dos primeiros en Galicia que conte con equipos deste tipo nas súas instalacións culturais e deportivas cubertas máis importantes.

A ACD Xove abre a inscrición das Escolas Deportivas e Culturais que aínda non empezan

A ACD Xove vén de abrir o prazo de inscrición das Escolas Deportivas-Culturais para esta tempada 2020-2021. Todos os alumnos que desexen participar deberán ser socios da entidade, e aquelas familias ou alumnos que queiran incorporarse como socios deberán poñerse en contacto coa xunta directiva da asociación para formalizar e tramitar a súa inscrición de alta.

A cota para ser socio é de 10 euros ao mes por familia en pagos semestrais, tendo dereito a participar en todas as escolas organizadas pola asociación, así como contarán con descontos ou gratuidade nas equipacións deportivas que se poñan á venda.

Estas escolas contan con patinaxe artística, xadrez, atletismo, duatlón, orientación, bádminton, surf e pintura, todas elas para nenos de entre 6 a 16 anos.

Ademais terán a escola deportiva na natureza que busca unha realización segura da actividade física no medio rural facendo carreiras, kaiaks, escalada, rapel ou outras actividades, así como talleres de interpretación da flora, xeoloxía ou o día micolóxico entre outras actividades.

Para poñerse en contacto haberá que chamar ao 618 976 159 ou mandar un email a a.c.d.xove@hotmail.com. As clases non comencaron o día 3 de novembro debido á situación sanitaria e tentarán facelo o 9.

Barreiros nega a licenza a un coñecido prostíbulo



O local pechado

O Concello de Barreiros vén de impedir a reapertura dun club, que opera baixo o nome Eros, situado no cruce das estradas N-634 coa autovía A8 á altura da rotonda.

A alcaldesa informou que aproveitou que os xerentes do establecemento volveron presentar a solicitude para a súa reapertura como café-bar, insoulles a que presentasen a documentación pertinente, pero aínda non lla fixeron chegar e polo tanto o local aínda segue pechado.

Pola súa banda, Ermida espera que non continue xa que este negocio é coñecido por intervencións policiais, e ademais porque o local atópase nun terreo que é propiedade do Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana.

“Non queremos este tipo de locais non Concello, neste tipo de negocios estase a negociar coas mulleres como se fose mercadorías e, polo tanto, dentro das nosas posibilidades non podemos permitilos”.

O Concello céntrase no abastecemento

Firman un convenio para a mellora da rede en San Cosme e rematan os traballos no punto de captación

SAN COSME. A deputada provincial de Medio Rural Mónica Freire Rancaño e a alcaldesa de Barreiros Ana Ermida asinaron o convenio de colaboración para mellorar a rede de abastecemento de auga potable na parroquia de San Cosme de Barreiros. As obras consistirán na instalación dun colector primario transversal, que discorrerá ao longo de máis de 2 quilómetros ao carón da CP-0611 e que subministrará auga aos núcleos de Remior e San Bartolo. Ademais, aproveitando a execución da zanja principal, levarase a cabo unha pequena rede secundaria paralela ao colector principal que dará servizo a outras sete vivendas.

A alcaldesa explicou que “o concello iniciará o procedemento administrativo para licitar as obras que deberán estar rematadas a finais de xuño, de cara ao inicio do verán, cando se ocupan as residencias vacacionais da zona e o servizo de abastecemento soporta unha maior demanda”.

A reforma solventará os problemas de roturas das canalizacións, que se repiten especialmente na época estival xa que a infraestrutura actual non se axusta ás necesidades do incremento de poboación.

A deputada Mónica Freire subliñou que “se trata dunha colaboración orientada a mellorar a calidade dos servizos públicos no rural, na mes-



A alcaldesa e a deputada de Medio Rural

ma dirección que os investimentos e plans que vimos desenvolvendo desde esta área”. Medio Rural achegará 175.000 euros para a execución das obras, orzamentadas en 217.000 euros. O Concello asumirá os 42.000 euros restantes.

RÍO MASMA. A Xunta de Galicia vén de rematar as obras de mellora do punto de captación de auga do río Masma para o seu posterior tratamento na Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de Rexa, no concello de Barreiros.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, visitou a zona acompañado

por persoal técnico de Augas de Galicia e pola alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, entre outras persoas; e explicou que a Administración autonómica investiu 48.400 euros nesta actuación, co fin de contribuír á mellora do sistema de abastecemento do municipio.

A actuación supuxo a retirada da estrutura existente deteriorada pola acción da auga do río e polo paso do tempo, e a execución dunha nova instalación no mesmo punto que a anterior. As obras prolongáronse durante algo máis dunha semana.

Arias lembrou que o organismo hidráulico da Xunta continúa achegan-

do o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

MOTOBOMBA. O Concello tamén recibirá un vehículo motobomba cedido polo parque de bombeiros de Lugo. A alcaldesa explicou que “tras a avaría sufrida a finais do verán pola motobomba que tiñamos no concello, de trinta anos, e que supoñía un investimento demasiado elevado para un vehículo desas características, o goberno municipal realizou todas as xestións posibles para garantir a dispoñibilidade dun vehículo deste tipo no municipio.”

“Tras coñecer que o Concello de Lugo contaba con un vehículo en desuso que cumpre coas características necesarias para a cobertura destes servizos en Barreiros, a colaboración entre ambos municipios fixo posible a dispoñibilidade da motobomba”, explica a rexedora.

Con esta cesión gratuíta, Barreiros contará, unha vez posta a punto e regularizada a situación administrativa, con motobomba dispoñible para a prestación de servizos municipais contra incendios, limpeza de espazos públicos ou problemas de atascos na rede de sumidoiros municipal ou taxees de camiños.

Continúan as obras na pista de subida a Penabo



Visita ás obras da subida a Penabo

A alcaldesa e o concelleiro de medio rural revisaron as obras que se están a levar a cabo na pista de subida a Penabo no Concello de Barreiros, que desde a súa apertura hai vinte anos, non se tiña sometido a arranxos.

Os traballos, financiados con fondos propios do Concello, tamén se realizarán nas pistas de sub-

da a Cornería e na de acceso aos depósitos de Vilamartín Grande e consistirán en actuacións con motoniveladora, pala e pisón segundo as necesidades das pistas. Con estas actuacións mellorárase o firme dos camiños e a recollida de augas pluviais mediante a reparación das cunetas, tratando de evitar o seu deterioro.

A alcaldesa trasladou á Xunta as necesidades que ten o Concello

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, reuniuse co delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, para trasladarlle algunhas das necesidades municipais e abordar a posibilidade de colaboración entre a administración galega e a municipal en distintos ámbitos.

A rexedora trasladoulle a necesidade dunha depuradora para a zona de San Miguel e Reinante e deulle conta das xestións realizadas polo goberno municipal para acadar o financiamento necesario. Nese sentido, Ermida reiterou que “a regra dos tercios na aportación, tratándose dun investimento tan importante é inasumible para Barreiros”. Por esta razón, tamén puxo enriba da mesa a posibilidade de que a Xunta puidese incluír este proxecto nos destinatarios dos fondos europeos que se poidan recibir.

Outra cuestión sobre a que faláron na xuntanza foi a situación do refuxio de peregrinos de Gondán e



O novo delegado da Xunta, coa alcaldesa de Barreiros

a posibilidade de intervención no mesmo coa vista posta no ano Xacobeo. Neste sentido, a alcaldesa explicou que “existe un proxecto para o que se anunciara financiamento no seu momento por importe de 586.000 euros que, de poder desenvolverse, sería sen dúbida un importante impulso para o

Camiño Norte e para a zona.” Ademais destas cuestións, Ana Ermida manifestoulle a necesidade de contar con un centro de día para dar servizo á poboación barreirense e á posibilidade de retomar o convenio anunciado a principio do 2019 de humanización de rúas en San Cosme e San Miguel.

Rematan as obras de beirarrúas subvencionadas pola Deputación

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, visitou a Mariña e supervisou varias actuacións financiadas pola entidade. Acompañado da deputada de Economía, Recadación, Facenda e Contas, e alcaldesa da localidade, Mayra García Bermúdez, o presidente comprobou as melloras na accesibilidade feitas nos accesos á residencia de maiores e ao Centro Etnográfico.

Por un lado, renováronse as beirarrúas da rúa onde está situado o Centro de Atención a Maiores da Deputación e dotouse dunha nova, pola marxe esquerda, á rúa Ría de Abres. Por outra banda, no entorno do Centro Etnográfico creáronse varios muros de contención, pavimentáronse con plaquetas os accesos e



Visita dos membros da Deputación ás obras de Trabada

con formigón a praza, rehabilitouse unha fonte de auga e instalouse unha varanda metálica. Así mesmo, dotouse dun novo sistema de evacuación de augas pluviais e dun

peche de ladrillo entre os pilares da parte posterior. En total, estes traballos contaron cun investimento provincial de 90.000 euros a través do Plan Único da Deputación.

O Concello critica os recortes da Xunta en servizos públicos

O Concello de Trabada vén de comunicar os diferentes os recortes nos servizos públicos de competencia da Xunta que se están a levar a cabo. “Son moitos os meses que levamos sen cubrir a baixa dun dos médicos do noso centro de saúde e o ano pasado, a Xunta suprimiu unha unidade educativa no colexio”, di a alcaldesa Mayra García Bermúdez.

Pero ademais disto, “tampouco tivemos colaboración para mellorar infraestruturas que consideramos necesarias”, engade. A alcaldesa fixo un balance de obras denegadas dende 2016 entre as que figuran a reparación da rúa Joaquín Velasco, a substitución da cuberta do pavillón polideportivo en Sante, a furgoneta para poñer en marcha

o servizo aos maiores, a rehabilitación a antiga escola de mestres, equipamento da casa da cultura, o cambio de luminarias e a pavimentación de varias vías.

Di que no 2019 volveulle a denegar máis axudas para a casa da cultura, a compra de maquinaria, pavimentación, a construción dun albergue de peregríns, un local para usos múltiples, o parking de caravanas e a rehabilitación da primeira planta da escola de Vila, entre outras.

“O Concello no 2016 tiña asignados 61.425 euros, no ano 2017 reducírono a 47.969 euros e nos anos 2018 e 2019 estableceron convocatorias bianuais polo mesmo importe ata que neste ano, a convocatoria destes fondos para a anualidade 2020-2021 é de 33.933”, di

Dan luz verde para un área de autocaravanas de 9 prazas

O presidente explicou que o Goberno deu luz verde a unha solicitude do Concello de Trabada para modificar o destino dun investimento do Plan Único 2020. O Concello decidiu que destinará 40.500 euros á creación dun aparcamento para autocaravanas en Ría de Abres, ao carón da estrada nacional N-640, en vez de ao Museo Etnográfico, xa que para esta actuación obtivo unha axuda da Administración autonómica.

A área de autocaravanas contará con 9 prazas e incluírá unha zona verde, ademais dun espazo para o baleirado de augas. Este asunto ratificouse no Pleno ordinario do mes de outubro.

PÁDEL. O Concello tamén traballa na creación dunha pista de pádel, da que xa ten en marcha a licitación e que supoñerá un investimento de 36.306 euros.

O Concello presentou un balance da xestión municipal deste exercicio

O Concello de Trabada presentou un balance da xestión municipal deste ano no que levan executados un amplo abano de proxectos por valor de 318.813,11 euros.

Durante o 2020 levaron a cabo diferentes actuacións como a rehabilitación da escola de Villapercide, a mellora da accesibilidade á residencia e construción dunha acera pola marxe esquerda na Ría de Abres, a reconstrución da ponte de San Martiño, a urbanización do museo, o acondicionamento e mellora do

acceso a Vilapena, a urbanización do acceso á escola de Vilapercide, as obras do parque infantil na Ría de Abres que aínda están a rematar, e nas vindeiras semanas iniciárase a reconstrución da ponte de Paxarín. A alcaldesa informou que “estamos licitando a pavimentación dos camiños de acceso ao Bargo, Vilasuso, Carreirachá por importe de 55.962,50 euros. E tamén a construción da pista de pádel por 36.306,47 euros xa que ao precisar autorización”.

“A inicios do próximo ano levaremos

a cabo as obras da cuberta na escola de Sante por importe de 15.559,01 euros e as obras de rehabilitación da vivenda de Vilapercide por importe de 39.998,96 euros, así como o aparcamento de autocaravanas na Ría de Abres por importe de 40.492,72 euros”, engadiu Bermúdez.

Por outra banda, o goberno provincial da Deputación está licitando o último tramo da estrada provincial LU-P-5506, que conecta Trabada con Lugo, por un importe de preto de 200.000 euros.

Aprobado un investimento para mellorar estradas provinciais

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou iniciativas por un volume económico que no seu conxunto ascende aos 2 millóns de euros, “o que dá mostra do importante ritmo de xestión que estamos desenvolvendo nun momento no que favorecer a economía da provincia é especialmente importante debido á crise provocada pola pandemia”, subliñou Tomé Roca.

En materia de estradas provinciais, José Tomé, responsable directo da área de Xestión Territorial, anunciou que este venres se aprobou a licita-

ción de obras de mellora en 7 vías nos concellos de Oural, Sober e Paradelá por cerca de 1 millón de euros. En Oural, aprobouse a licitación de obras de rehabilitación de firmes en 3 estradas provinciais cun orzamento de 300.000 euros e un prazo de execución de 6 meses. Por un lado, mellorárase a LU-P-6602, que vai de Rúa Nova a Muras, e que dá servizo á veciñanza que ten gando na Serra do Xistral e tamén ás empresas que realizan o mantemento dos parques eólicos da zona. Neste caso vaise arranxar

medio quilómetro, dende o punto 18,550 ata o 19,095. Neste concello, tamén se vai arranxar a LU-P-3805, que une os núcleos Sixto con Campo do Foxo, en dous tramos: o que vai do quilómetro 0 ata o 1 e do 11,240 ao 14,917. Esta vía provincial comunica as parroquias de Bravos, Ambosores e Sixto. A terceira estrada na que se licitan obras en Oural é a LU-P-6406, que vai dende Cristo da Portapena ata Ponte Segade. Neste caso, son os 200 primeiros metros de estrada, que presenta desperfectos.

Os Aturuxeiros aprazaron ao 17 o Concerto de Outono

A asociación Aturuxeiros de Bravos ía acoller o sábado 17 de outubro un concerto de outono, pero por mor das novas normas sanitarias aprazouse para o 21 de novembro. Este será ás 20 horas no local social de Bravos, e contará coa actuación do grupo de gaitas A volta do agro. As entradas gardaranse por rigurosa orde de reserva xa que o aforo é moi limitado.

Para reservar haberá que escribir un email a aturuxeirosdebravos@gmail.com ou un whatsapp ao 661 866 552.



DEPORTES

Xove prepara o calendario da tempada de bolos 2020/2021

O Concello de Xove vén de preparar o calendario da tempada de bolos 2020/2021.

Así, púxose en marcha a XXXII Tirada de bolos sénior masculina - XXI Liga Sub 16 - XII Liga sénior feminina - Liga maiores de 60 anos, nas que colaboran o club de bolos Xove, o Ceip Pedro Caselles Román e o IES Illa de Sarón.

Comezou o sábado día 17 no centro social de Lago e continuará en novembro, haberá tiradas o 7 en Penasagudas, o 14 no campo mu-

nicipal de Xove, o 21 no Cruceiro, e o 28 na Vara. Xa en decembro o día 5 será en Vilachá de Portocelo, o 12 en Morás e o 19 en Sumoas.

Tamén está preparado o calendario de xaneiro, comezando o día 16 no centro social de Lago, o 23 na Rigueira e continuará o 30 en Penasagudas. En febreiro haberá tiradas o 6 no campo municipal de Xove, o 20 no Cruceiro, e o 27 na Vara. Xa en marzo o día 6 será en Vilachá de Portocelo, o 13 en Morás e o 20 en Sumoas.

O V Run Foz Run reinicia o calendario de carreiras

O Concello de Foz xunto co club de atletismo Ría de Foz realizará o día 20 de decembro a partir das 10:00 horas o V Run Foz Run Nadal.

Poderán participar na categoría absoluta todas aquelas persoas nadas dende o ano 2005 (incluído) que o desexen, sempre que estean inscritas nos prazos e formas establecidos ao efecto pola organización. A carreira desenvolverase en dúas fases diferenciadas dun máximo de 150 participantes en cada



unha de elas: unha con saídas a partir das 10 horas e outra con saídas a partir das 11. A organización resérvase 50 prazos a maiores para deportistas convidados.



SURF. A surfista viveirense Lucía Martínez resultou vencedora na categoría Sub 12 mixto do campionato galego xuvenil de surf, celebrado na praia de Caión, na Laracha (A Coruña).

As ED de Lourenzán participaron no Galego de Atletismo

As Escolas Deportivas de Lourenzán estiveron no Campionato Galego de Atletismo. Así, malia levar pouco tempo adestrando os atletas laurentinos demostraron unha vez máis a súa capacidade de superación.

Os participantes e as súas marcas foron Fer Vallines, Campión autonómico en Peso: 13,82; Manu Rodríguez,

subcampión autonómico en Triplo: 11,86; Alberto Ratoeira, 6º en 300 e 7º en lonxitude; Iria Otero, 5ª en 3000; Carmen García, 6ª en altura e 4ª 300 vallados final b; Miguel Fernández, 6º en 80; Julia Fernández 4ª final C80 e 4ª final b150; Iria Rodríguez, 6ª en 1000; e Lurdes García, 8ª en 3000.

Alcoa, protagonista dos premios das regatas de piragüismo

A VI Regata da liga provincial Copa Diputación celebra en San Cibrao rematou a tempada cuns 100 palistas e a presenza dos chalecos amarelos de Alcoa entre o público e afeccionados. Na proba, ademais do club anfitrión, o Club Deportivo San Ciprián, competiron o Club de Piragüismo Altruán de Ribadeo, o Kayak de Foz e o club de piragüismo Viveiro Urban, como representantes mariñáns.

En equipos, o Urban Viveiro foi o mellor equipo acadando 2531 puntos, o segundo o Viveiro Urban Hotel, o terceiro Altruán de Ribadeo, o cuarto foi o Káyak Foz e o quinto, o anfitrión Club Deportivo San Ciprián.

A nivel individual, o Cidade de Lugo conseguiu 11 triunfos, mentras que o Urban Viveiro e o Altruán dous, o Káyak e o San Ciprián, un.

En categorías masculinas os mellores foron Saulo Molina do Cidade de Lugo en cadete, Yaroslav Alforov do Cidade de Lugo en alevín, Víctor Devesa do Cidade de Lugo en infantil e Ciffelli Jose Oca do Urban en benxamín.



Os premios en Foz foron entregados polos membros do comité de empresa

Nas categorías femininas impuxéronse en cadetes Ángela Fernández do Altruán, en cadetes; Emma Devesa do Cidade de Lugo, en xuvenil; Cornelia Lourido do Urban Viveiro, en alevines A; Elena González do Altruán, en alevines B; Andrea Rodríguez do Altruán, en infantiles A; Sara Abel do Cidade de Lugo en infantiles B; Ángela Abel do Cidade de Lugo, en benxamíns, e Leyre García do Káyak de Foz, en prebenxamíns.

Previamente, os membros do comi-

té de empresa de Alcoa entregaron os premios da regata de piragüismo da Liga Provincial de Foz, na que o Cidade de Lugo se impuxo facendo un total de 2.779 puntos e superando en máis de mil ao segundo clasificado, o Viveiro Urban Hotel, que fixo 1.625.

O podio por equipos completouno o Altruán de Ribadeo, con 1.182 puntos. O Káyak de Foz e o CD San Ciprián ocuparon a cuarta e a quinta praza.

A Primeira Autonómica prepara a tempada, aínda sen data de inicio

A Primeira Autonómica cuenta motores e xa os clubs teñen na súa maioría perfilado como serán os seus equipos esta tempada, tempada da que aínda se descoñece a data de inicio.

ED LOURENZÁ. O conxunto local volve apostar pola canteira á hora de reforzar un equipo que volverá competir ao mando de Roberto Ramallal. O conxunto estará formado por Recalde, Montxo, José Antonio, Yago, Luís Santamarina, Diego Juve, Noé, Garrafin, Paulo, Clemente, Jorge, Bugui, Álvaro, Suso Foro, Álex, Pichi, Arruñada, Aitor, Pablo, Hermida, Diego e Barreira. Destaca a volta do meta Pablo Catañeda e a incorporación dos tres xuvenís, Hermida, Diego e Barreira.

BURELA SD. O Burela afronta unha nova tempada en Primeira con novos fixaches, como os de Iván Fernández Méndez, Xoel González Chao (Macli) e Ismael Gómez Rodríguez, procedentes do Viveiro. Tamén foi fichado Francisco Mariño Pérez (Kiko) como gardameta.



Xogador do Xove

Renovan Simón Matínez, capitán que tamén será adestrador dos alevíns; Ángel Basanta Lage, Diego Chao Pérez, Jairo López García, o porteiro Tomás Fernández Fidalgo, Alejandro Esquerdeiro Cabarcos, Pablo Vila Quelle, David Ben Rivas e os capitáns Cristian Iglesias Martínez e Jairo Campo Vázquez. Dende a canteira ascenden ao equipo sénior Gilson Lopes, Saul

Deán e Jairo Ares. Todos estarán ao cargo de Luis Salgueiro Gómez, Luchi, que dirixirá ao equipo sénior xunto a Petete.

XOVE LAGO. No Xove Lago a renovación de Bruno Gómez como adestrador, acompañado de Adri Gómez, unha tempada máis levou consigo a renovación de todo o plantel de xogadores, condición que puxo o místico para continuar no club verde. Ademais, hai unha aposta forte pola canteira.

UD FOLGUEIRO. O Folguevo tamén renovou as súas filas. Así, entre as fichaxes destaca a volta de Marcos Paguato e Mario Gómez e o ascenso dende o xuvenil de Bruno López.

Renovan Diego Cora, Dieguito, Renato, Quique, Borja, Lomba, Miguel, Iago, Martínez, Álex Yáñez, Oki, Zeus, Kiños, o Barri, capitán Pedro, o pichichi Aurelio e Joni en Javi na portería.

O equipo tamén estrea adestrador, concretamente Anxo Fernández, que volve ao equipo tras un ano fóra.

DEPUTACIÓN

O Pleno solicita á Xunta transparencia nos datos de contaxio da covid-19

O Pleno da Deputación aprobou a proposta do Grupo Provincial Socialista, de reclamar á Xunta de Galicia transparencia nos datos de contaxios e unha liña de diálogo e colaboración permanente cos alcaldes e alcaldesas e coa propia institución provincial para combater a covid-19. O acordo saíu adiante co apoio dos grupos de Goberno e cos votos en contra do PP.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, salientou que dita interlocución ten que ter en conta á Fegamp, xunto cos rexedores e rexedoras das 7 grandes cidades, os presidentes da Deputación e os rexedores dos municipios afectados para consensuar liñas de actuación efectivas. Así mesmo, acordouse pedir á Xunta que informe diariamente, de forma telemática, aos concellos que teñan positivos por Covid-19 dos datos que lles afectan de xeito claro e transparente.

Porto denunciou que desde setembro “os alcaldes e alcaldesas galegos veñen reclamando á Xunta información real sobre a evolución da pandemia, isto é, datos numéricos por municipio. A FEMP rexeitou publicamente o mapa de cores -verde, amarelo, laranxa e vermello- ofrecido pola Xunta, porque non permite ós responsables públicos contar coa información que precisan para deseñar as súas medidas. Porque ante a pandemia non valen colorines, fan falta números concretos”.

SANIDADE PÚBLICA NO RURAL. O Pleno provincial tamén lle deu o visto bo, coa abstención do PP, a unha proposta do Grupo Provincial Socialista



Membros do equipo de Goberno,

lista para reclamar á Xunta de Galicia que cubra a praza de médico que vai quedar vacante por xubilación en Escarón, no concello do Saviñao.

A voceira socialista do Goberno explicou que o concello do Saviñao é un bo exemplo da realidade do rural lucense e da Galicia interior ao contar cunha poboación de aproximadamente 3.750 veciños e veciñas, espallados nunha extensión de 197 km².

Neste senso, García Porto reclamou ao Goberno autonómico a elaboración dun plan de avaliación real das necesidades da sanidade rural galega, tendo en conta ratios como poboación, dispersión, envellecemento ou a pegada do coronavirus, “contemplando, como horizonte de mínimos, a recuperación do persoal tal e como se atopaba no 2009, pois nesta década de Goberno de Feijóo perdéronse máis de 900 camas de hospital e 1.100 profesionais de Atención Pri-

maria na nosa comunidade”.

AUTOVÍA LUGO-OURENSE. A Corporación provincial aprobou por unanimidade unha moción do Goberno para demandar ao Executivo do Estado un impulso significativo a Autovía A-56, de Lugo a Ourense, nos vindeiros orzamentos.

O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, subliñou que “defendemos a proposta como sempre facemos os socialistas de Lugo á hora de reclamar infraestruturas para a nosa provincia, non só no que respecta á comunicación coa Meseta, senón tamén coas comunicacións interiores, para fomentar a mobilidade das persoas e a competitividade do sector produtivo”.

Rivera Capón salientou que esta proposta “ten un dobre sentido reivindicativo. Dunha parte, reclamar que se lle dea un pulo a estas obras. E facelo porque esta autoestrada

estivo parada case unha década, ou sexa, durante o mandato do señor Rajoy e a ministra Ana Pastor. Tivo que chegar un Goberno progresista de novo para reactivar unha obra que beneficia ás dúas provincias galegas do interior, dúas provincias que pola súa orografía precisan mellorar o trazado das vías que as comunican, para non estar afastadas entre si”.

O voceiro do Grupo Provincial do PP, Javier Castiñeira, lamenta que “mentres o PP defende que o Goberno axilice as autovías proxectadas na provincia, o goberno provincial mire para outro lado”. Así o manifestou o popular amosando a súa sorpresa e preocupación ante a actitude do PSOE nun dos puntos que consideran máis importantes do pleno provincial deste martes porque “o PSOE rexeitou incluír a emenda do Grupo Popular coa que melloraba a proposta do Goberno para dar un pulo á A-56 Lugo-Ourense; xa que propoñiamos avanzar tamén nas outras dúas autovías proxectadas na provincia, a A-74 (Barreiros-San Cibrao) e a A-54 Lugo-Santiago) para “dar seguridade a toda a provincia”.

CONTA XERAL. O Pleno tamén aprobou, coa abstención do PP, a Conta Xeral do ano 2019 da Deputación e de Suplusa. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Contas, Mayra García Bermúdez, explicou que este é un trámite administrativo que “fai unha foto fixa da situación contable da institución a 31 de decembro de 2019, ao que non se presentou ningún tipo de reclamación e que aprobamos amplamente dentro dos prazos establecidos”.

Formarán á mocidade sobre igualdade e prevención da violencia de xénero



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a presidenta da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia Acadar, Mónica Álvarez San Primitivo, asinaron un convenio a través do cal a institución provincial achega 6.500 euros para realizar, nos centros educativos da provincia, un programa formativo transversal que fomentará a igualdade e sensibilizará na prevención das distintas formas de violencia machista e de situacións de desigualdade que afectan ás mulleres con discapacidade.

Acadar impartirá, a través do programa Vio 7: ver para erradicar, varias sesións formativas ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato da provincia de Lugo ao longo do curso académico. A iniciativa permitirá capacitalos na detección e erradicación das distintas formas de violencia, impulsar relacións igualitarias e, en especial, fomentar a igualdade de oportunidades das mulleres con discapacidade. Tamén afondará na defensa dos dereitos deste colectivo vulnerable co fin de que acade a súa plena integración e a participación en todos os eidos da sociedade.

O Ilumin@ axuda aos concellos a implantar a tecnoloxía LED

A voceira socialista, Pilar García Porto, informou que a Xunta de Goberno aprobou adxudicar por preto de 530.000 euros a compra e instalación de material eléctrico de tecnoloxía LED dentro do plan Ilumin@, o proxecto co que a institución axuda aos 38 concellos que decidiron sumarse á iniciativa a aforrar na factura eléctrica de instalacións municipais. O contrato divídese en tres lotes, cada un por unha zona xeográfica da provincia. O plan Ilumin@ está dotado con

723.000 euros, dos que o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do Idae (Instituto de Desenvolvemento de Aforro Enerxético), dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica.

Con este proxecto os 38 concellos da provincia que decidiron adherirse cambiarán en total unhas 3.200 luminarias por outras de tecnoloxía LED, o que supoñerá un aforro conxunto de 62.000€ ao ano, isto é, ata un 63% da facturación eléctrica das instalacións muni-

cipais nas que se actuará, fundamentalmente alumeados públicos exteriores. Ademais, a tecnoloxía LED permite reducir o consumo en 450.000 quilovatios ao ano, o que minimizará a pegada de carbono. Pilar García Porto subliñou que o plan Ilumin@ “forma parte do obxectivo estratéxico desta Deputación de cooperar cos municipios para que poidan prestar servizos públicos eficientes á cidadanía aforrando custes, pero tamén preservando o medio ambiente”.

Os obradoiros artesanais poden solicitar achegas

A área de Artesanía e Deseño da Deputación vén de aprobar unha liña de axudas directas para obradoiros de artesanía, cun importe total de 79.500 euros. Concederanse achegas de 1.500 euros aos titulares de obradoiros ubicados na provincia, que contén con carta de artesán e teñan o seu obradoiro incluído no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia alo menos desde o 1 de xaneiro. O deputado de Artesanía e Deseño Efrén Castro explicou que “se trata dunha liña de axudas extraordinaria, coa que se pretende contribuír

a amortiguar o impacto da crise sanitaria no sector, moi prexudicado pola suspensión de feiras, mercados e outros eventos culturais”.

“Esta situación está a deixar a moitos obradoiros nunha situación moi complicada, que compromete a súa continuidade e con ela a de moitos oficios e técnicas artesanais”, valorou. As axudas canalizan parte dos fondos orzamentados polo Centro de Artesanía e Deseño para actividades formativas e proxectos expositivos que non se puideron realizar durante o estado de alarma.

MAR

Portos abre un novo prazo de outorgamento de prazas de amarre

Portos de Galicia abrirá proximamente un novo procedemento de outorgamento por vía telemática de prazas de amarre náuticas, tanto das instalacións que xestiona directamente o ente público como daquelas xestionadas a través dunha concesión privada pero nas que o organismo portuario é o encargado de adxudicar os amarres náuticos.

Deste xeito avánzase na administración electrónica e na simplificación da tramitación administrativa co obxectivo de prestar un servizo máis cómodo e eficiente aos usuarios dos portos autonómicos.

A resolución aprobada pola presidenta do ente público, Susana Lenguas, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e poderá ser consultada tamén na páxina web do ente público. Será de aplicación ás instalacións menores, que dispoñen de prazas de pequena eslora –ata oito metros– nas que unicamente se presta o servizo de amarre, e

ás instalacións de maior envergadura –portos deportivos– nas que se prestan diversos servizos a través dunha empresa ou entidade concesionaria.

PRAZOS. Coa entrada en vigor desta resolución, as listas de espera que puidesen existir con anterioridade a este decreto quedarán sen efecto e os interesados deberán presentar unha nova solicitude por vía telemática, a través de diferentes medios online.

Non obstante, abrirose un prazo preferente de 10 días naturais previos á apertura do prazo xeral de solicitude para estes usuarios que estivesen xa en lista de espera e que optarán a un posto preferente.

Polo que respecta ás solicitudes presentadas con anterioridade a esta convocatoria e que se atopan pendentes de adxudicación de praza en portos sen lista de espera, serán resoltas sen necesidade de que o solicitante teña que presentar unha nova solicitude.

A Fundación Expomar comeza a traballar na organización da feira

A Fundación Expomar acordou por unanimidade comezar a traballar na organización da vindeira Feira Náutico Pesqueira, que terá lugar en maio de 2021. A superficie que ocupe o evento ampliarase, tendo en conta o covid e tamén para poder acoller a novas firmas participantes.

O alcalde burelés e presidente da Fundación Expomar, Alfredo Llano, declarou que “tivemos unha reunión do padroado da Fundación Expomar na que aprobamos as contas relativas ao ano 2019 e falamos tamén da conveniencia de facer a Feira Monográfica Náutico Pesqueira para o ano 2021, que corresponde, así como as Xornadas Técnicas e o Encontro Empresarial”.

Llano explicou que “por unanimidade, a nosa intención é clara de realizar a dezanove edición da Feira Náutico Pesqueira. Consideramos que é moi bo para o sector, para o concello de Burela e para A Mariña de forma global. Polo tanto, en principio, estaremos pendentes de como evoluciona a pandemia do coronavirus e como nos condiciona, pero agardemos que mellore substancialmente e que estas cousas se poidan ir recuperando e volvendo á normalidade



Unha imaxe dunha edición anterior

do que eran as feiras e o movemento socioeconómico, industrial e todo aquilo que teña que ver co sector pesqueiro”.

O rexedor manifestou que “imos poñernos a traballar a través da Fundación Expomar, xa está o xerente procurando facer todo o que corresponde para ir conformando xa compromisos das empresas para ir ocupando o espazo. A nosa pretensión non é soamente facer a feira, senón facela mellor que a última edición, e polo tanto estamos tamén pensando en ampliar, xa non soamente pola covid-19 senón tamén para dar

máis posibilidades porque esa foi a conclusión que sacamos na última edición, que necesitamos máis espazo xa que a demanda, se todo sigue como viña sendo, incrementábase, polo tanto temos que buscar espazo para ter máis ocupación de empresas”.

E engadiu: “imos procurar facelo, sería no mes de maio, como tiña pensado, de momento non imos cambiar a data, e imos ver que é o que vai ocorrendo, pero nosoutros paralelamente imos tratar xa de conformar todo o que sexa necesario para unha Feira Náutico Pesqueira”.

Aberta a inscrición para as XXV Xornadas de Pesca de Celeiro



A confraría de pescadores de Celeiro organiza para o 20 e 21 de novembro as XXV Xornadas de Pesca de Celeiro.

Este ano contará con importantes novidades e ademais poderase asistir online. Teñen aforo limitado así que para asistir fisicamente haberá que facer a reserva da praza na web.

O programa e os poñentes xa se poden consultar na web da confraría e M^a Luisa Álvarez, de Adepesca, abrirá as Xornadas falando da *Evolución del mercado pesquero: pescaderías en verde, digitalización, innovación.*

A lonxa de Burela conta con 360 paneis solares de autoconsumo

A lonxa de Burela, unha das máis importantes de España, conta cunha cuberta de 360 paneis solares que permitirán a redución da súa factura eléctrica e que sumarán 144 kW.

A empresa instaladora, Barro, calcula que Armadores de Burela conseguirá con esa instalación un aforro medio anual de máis do 17% na súa factura eléctrica. Esta instalación ocupa unha superficie de 782 metros cadrados da cuberta e terá unha capacidade de produción anual de 190.521 kWh de electricidade.

Así, Armadores de Burela reducirá o seu volume de emisións de CO₂ á atmosfera en 65 toneladas, diminuindo a súa pegada de carbono, concretamente as emisións indirectas, que son as derivadas do consumo de elec-



Unha vista dos paneis solares de burela

tricidade da rede, un efecto positivo na calidade do aire similar ao que xeraría a plantación de 6.478 árbores.

A obra foi executada pola compañía galega EDF Solar, especializada en sistemas de auto-

consumo para empresas e que inclúe a enxeñería, a elaboración da documentación necesaria, os trámites coas diferentes administracións e empresas distribuidoras, a execución e a posta en marcha.

Portos cederá a Viveiro o aparcadoiro do peirao e da antiga parcela do casino

A alcaldesa do Concello de Viveiro, María Loureiro, obtivo o compromiso de Portos de Galicia de avanzar na sinatura dun convenio para que a xestión dos usos do aparcadoiro do peirao e da antiga parcela do casino sexa municipal. “Falamos tamén da posible eliminación das vallas que separan a avenida de Ramón Canosa do Casino e do porto deportivo, continuando coa nosa idea de abrir Viveiro ao mar”, explica a alcaldesa, “ademais das demandas da frota de baixura e da necesaria actuación na zona da praia de Celeiro, que debe incluír beirarrúas, iluminación e un novo aparcadoiro”.

En opinión da alcaldesa “foi unha reunión positiva, esperamos que pronto haxa resultados e quedamos en manter novos encontros de traballo a curto prazo, pola convivencia que hai entre a vida portuaria e as dos nosos veciños e veciñas”.

Os portos da Mariña cambian de imaxe

Os peiraos de Ribadeo e Burela están en distintas fases do proceso de obras de mellora, con cargo a Portos de Galicia

As obras da segunda fase de ampliación do dique de abrigo do peirao de Burela seguen en marcha. Esta é unha actuación que busca mellorar o abrigo para a frota e a operatividade das máis de 250 embarcacións que anualmente adoitan facer uso destas instalacións. A esta construción do segundo martelo do porto, que está a executar Portos de Galicia, a Consellería do Mar destina máis de 1 millón de euros.

No transcurso dunha visita, na que estivo acompañada pola presidenta de Portos de Galicia, Susana Lengas, a conselleira de Mar fixo fincapé en que a misión desta acción é a de reducir a axitación do interior das dársenas, ademais de conseguir maior capacidade de atraque e servir de amortiguación á ondada que chega ao dique de abrigo.

As obras que están en execución consisten en ampliación do muro actual do peirao nuns 8 metros na dirección existente, sobre a base da infraestrutura actual e na prolongación do conxunto do espigón nuns 50 metros máis cunha aliñación que forme 120 graos coa actual. Deste xeito, esta nova infraestrutura terá un peirao de 5 metros de calado e cantil de 5,60 m protexido pola parte exterior con mantos de enrochado de cantos de máis de 2.000 Kg e unha explanada superior de 12 me-

tros de anchura entre berma e cantil. Ademais esta obra equipará ao peirao con escadas metálicas en aceiro inoxidable, defensas, bolardos de 50t e bitas de 65 quilos, instalacións de auga e electricidade, iluminación e varandas de aceiro galvanizado. Está previsto que rematen os traballos no último trimestre do ano.

A estas obras do segundo martelo súmanse as da mellora da nave de redes, que saíron a licitación cun orzamento de máis de 287.000 euros e que están en fase de contratación. Esta actuación ten por obxecto a remodelación e acondicionamento da envolvente desta infraestrutura e con ela eliminaranse as filtracións de auga na cuberta e na fachada do edificio e distintas deficiencias relacionadas coa instalación eléctrica, entre outras. Con ese obxectivo Portos de Galicia renovará mediante esta intervención as chapas das fachadas e a cuberta, substituirá as portas de acceso e a instalación eléctrica ao completo e saneará a estrutura mediante a limpeza, desoxidado e pintado do edificio da nave de almacenamento e reparación de redes. Ademais instalaranse un aseo e un almacén.

A maiores o ente público reparou a cuberta da nave de Expomar, que acolle esta feira de carácter bianual. Esta actuación contou cun investimento de arredor de 40.000 euros



Reunión de Portos de Galicia coas dúas administracións municipais

e os traballos realizados consistiron no subministro e instalación dunha nova canle de recollida de augas en aceiro inoxidable, así como a renovación da parte superior por chapa en aluminio lacada dun milímetro de espesor. Deste xeito, renováronse as zonas máis afectadas pola corrosión.

Portos de Galicia vén de sacar a licitación a dragaxe e ampliación de prazas na dársena de Burela. Trátase dunha planificación de actuacións para os vindeiros exercicios e cuxa tramitación, no caso da dragaxe, é un procedemento de gran complexidade suxeito a unha exten-

sa tramitación ambiental. En canto á ampliación de prazas, estará supeditada tamén á tramitación ambiental e á dragaxe previa da dársena.

RIBADEO E MIRASOL. Tamén se iniciaron as obras de renovación do sistema de protección de amarre do peirao pesqueiro de Ribadeo, que consiste na substitución das defensas da zona de atraque substituíndo as de rosario por outras colocadas verticalmente ancoradas ao peirao. En total colocaranse 10 novas defensas dos modelos V-300 e VA-300, que habilitarán sete zonas de atraque. Ademais recuperaranse seis defensas da zona da rampla e o martelo interior do pantalán.

Así mesmo, a actuación inclúe melloras no porto de Mirasol. En concreto procederase á regularización do paramento do dique, eliminando a escada de fábrica existente para poder garantir a seguridade nas operacións de subministro de gasoil.

Esta actuación consistirá no recheo da zona da escada de fábrica existente con materiais similares e a instalación dunha nova escada vertical en aceiro inoxidable ancorada ao peirao con dúas asas para poder efectuar os labores de subministro de gasóleo con seguridade para os usuarios. A actuación global conta cun investimento de preto de 50.000 euros.

TELÉFONOS DE INTERESE

ALFOZ
 Concello: 982 55 85 81
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

BARREIROS
 Concello: 982 12 40 02
 Garda Civil: 982 12 41 94
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

BURELA
 Concello: 982 58 60 00
 Policía Local: 982 58 62 11
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

CERVO
 Concello: 982 55 77 77
 Policía Local: 615 52 10 52
 Garda Civil: 982 58 57 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

FOZ
 Concello: 982 14 00 27
 Policía Local: 982 13 36 40
 Garda Civil: 982 14 04 44
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

LOURENZÁ
 Concello: 982 12 10 06
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

MONDOŊEDO
 Concello: 982 52 40 03
 Policía Local: 982 50 70 40
 Garda Civil: 982 52 19 05
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

OUROL
 Concello: 982 55 91 09
 Garda Civil: 982 56 10 39
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

PONTENOVA, A
 Concello: 982 34 22 77
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

RIBADEO
 Concello: 982 12 86 50
 Policía Local: 982 12 86 50
 Garda Civil: 982 12 80 48
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

RIORTORTO
 Concello: 982 34 62 22
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

TRABADA
 Concello: 982 13 50 11
 Garda Civil: 982 34 22 22
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

VALADOURO, O
 Concello: 982 57 40 00
 Garda Civil: 982 57 40 30
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

VICEDO, O
 Concello: 982 59 00 02
 Garda Civil: 982 59 01 81
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

VIVEIRO
 Concello: 982 56 01 28
 Policía Local: 982 56 29 22
 Policía Nacional: 982 56 17 11
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

XOVE
 Concello: 982 59 20 01
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

 Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
 Urgencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062 

www.amariñaxa.com

amariñaxa sornal independente da mariña www.amariñaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.
 Dirección: Diego E. García Ponte
 Teléfono: 661 464 323
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com
 Impresión: Tameiga Publicacións SL
 Dep. Legal: LU 5-2019
 ISSN 2660-4493

Teléfono 661 464 323 redaccion@amariñaxa.com

COLABORACIÓN

Vémonos nos bares!

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Cita Laura Ferrero a James Salter en Años Luz: "A vida é o tempo que fai. Son as comidas. Os xantares sobre un mantel azul a cadros sobre o cal hai sal vertida. O cheiro a tabaco. Queixo brie, mazás amarelas, cuitelos co mango de madeira." Sen percatarnos de que a maioría desas cousas as facemos nos bares. Que lugares! Pasei a totalidade da miña infancia e a meirande parte da xuventude nunha taberna. Nunha taberna da aldea, na Ponte do Carro. E por ser, non son mais ca filla da taberneira ou a nena da taberna. A carón do río da Rigueira semella que as penas eran menos penas. E estou a anos luz, coma o libro, de estar sendo poética. Se un sempre anhela voltar a onde foi feliz, eu escollería a taberna sen ápice de dúbida. E malia ser unha

millennial de manual, medrei sen internet, e se me apuro, ata sen cobertura. Non vin ningunha película infantil, non ía xogar ao parque nin tiña un aniversario multitudinario. Pero vin moitos partes da Galega, construín moreas de cabanas e sempre que cumprín anos tiven con quen compartir un pedaciño de tarta.

En tempos de corentena, a taberna pernacería aberta tamén, pois era un ben de primeira necesidade. Un ultramarinos dos que apenas quedan unha ducia extendidos por toda a provincia. Cando marchamos dalí, a xente xa debía desprazarse para facer a compra. Á taberna íase a por tabaco, a por macarróns ou por espuma de afeitar. Na variedade estaba o gusto, coma con todo.

Cando non era un veciño que se pasaba co licor de herbas, era un fuxido con présa que viña por víveres. Mamá ten ameazado erguendo unha banqueteta con baixarllo a algún na testa. E cando había algunha refrega, ben cadraba haber dúas portas.

Tan pronto se poñían feas as cousas, sempre había algún que marchaba pola que daba á corte do gando. Porta pola que tentaron entrar cun cabalo de retorno dalgunha feira en Penas Agudas. Por ter, ata había servizo de ca-



bina telefónica, cando eu non acaparaba o teléfono para falar cos meus amigos. Alí beberon os seus primeiros chanqueiros, tímidos ao comezo para despois pasaren a ser da casa. As primei-

ras voltas en moto. Os primeiros safaris pola Fraga da Mouronta. Con total rotundidade, os meus recordos están alí. Da estrada para arriba. E que non vos enganen, o refrán versa "Da Avenida pra baixo, nin gado, nin xente, nin

almorzo, o vermú nalgunha terraza. A sobremesa en calquera restaurante. A hora dos viños no peirao de Foz. Apuramos os últimos cafés despois de ir traballar na zona dos bares. E ansiamos chegar de festa para tomar os callos nun bar de Xove. Preparo as clases no bar mais preto da Academia, e teño moito estudado nalgún Centro Cívico. Nada me presta mais ca comer en Vilalba. E coma min, todas. Somos de bares. Non hai celebración galega sen banquete e toda lupanda se fai nalgún restaurante.

Eu que sempre avoguei polo sentidiño como fariña de todas as salsas, coido que non hai mellor ocasión para aplicalo que a presente. Están pertencendo ao bando dos mais perxudicados por esta pandemia, e non creo que estén sendo xustamente tratados. Na nosa man está poñer unha miga da nosa parte porque (1.0) elevado a 365 é igual a 1, pero (1.01) elevado a 365 son case 38. Así que si, vémonos nos bares!

Viaxes de salón

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

Hai tres cousas que adoro nesta vida: a música, viaxar e a gastronomía. Son unha especie de triada máxica que ademais, cando podes unilas, convértese nunha experiencia cósmica. Desgraciadamente nos tempos que corren, viaxar parece ser unha actividade pouco atractiva, así que por agora, non nos queda outra que pensar en futuro e deleitarnos con bos libros, revistas, películas, series, documentais ou música que nos teletransporten aos miles de lugares que nos ofrece este maravilloso Planeta, desde os que están ao ladiño da casa ata aqueles que conlevan máis dun día de avión. Hai uns días fun ao cine -pasara unha eternidade desde a última vez...- cun grupiño de amigas xeniais -Carol, Clara e Virginia (¡Olaaa!)- para ver a recentemente estreada curtametraxe de Almodóvar, La Voz Humana. Tremenda viaxe sen levantar-

me da butaca e por partida dobre! Sinxelamente sentada nunha sala de cine vendo unha película donde a acción acontece, en esencia, nun único lugar. Un decorado dentro dun decorado, como se a vida fose unha especie de matrioshka imaxinaria. A maravillosa adaptación, sempre única e singular, que o xenio manchego fai da obra de Jean Cocteau é sinxelamente sublime. Como se diría en gastronomía, unha auténtica delicatessen. Chea de poesía, drama e beleza a esgalla; dende unha fotografía realizada, coma sempre, con todo o mimo do mundo ata un vestiario e uns decorados impregnados de glamour extremo, pasando por unha banda sonora orixinal excepcional que cobra ademais un rol moi importante, como se dunha personaxe máis se tratara. O papel principal, única personaxe "visible" da historia e maxistralmente interpretado pola actriz inglesa Tilda Swinton, conversa telefonicamente co seu ex-amante nuns diálogos cheos de forza dramática misturada con humor e sarcasmo. Aínda que teño que dicir que o diálogo que máis me impresionou foi o establecido entre a

protagonista coa música composta por Alberto Iglesias sen necesidade de palabras, algo realmente máxico. De feito, botei particularmente en falta nos títulos de crédito, os nomes dos intérpretes participantes na gravación de semellante banda sonora, unha mágoa...

E seguindo con música excepcional, non podo esquecer ao compositor francés Francis Poulenc (1899-1963), quen tamén fixo a súa particular adaptación do texto de Cocteau coa composición dunha ópera homónima (monodrama) estreada en 1959 na Salle Favart de París. ¡E ahí non acaba o asunto! Almodóvar non foi o primeiro en levar á gran pantalla a obra do xenial e polifacético Cocteau, xa en 2013 o cineasta italiano Edoardo Gubino estreou a súa curtametraxe La voce umana coa súa propia nai encarnando o papel da actriz principal, a gran Sophia Loren. Resumindo, paréceme realmente fascinante a forte influencia que exerceu La Voix humaine -título orixinal da obra teatral escrita en 1930- en tantos autores posteriores, e que por conseguinte inspirou a creación dunha gran cantidade de obras

mestras que nos teletransportan por auténticas viaxes emocionais sen necesidade de coller un avión, vamos, un auténtico luxo para calquera que saiba apreciarlo.

Ademais de poder conmovernos cunha boa peli, obra de teatro ou concerto, tamén podemos viaxar polas emocións e pola imaxinación -e esta vez sen ter que levantarnos do sofá- cun bo libro. Hai tantísimos que resulta imposible nomealos a todos... Pero persoalmente teño que dicir que sinto auténtica fascinación por aqueles autores e autoras que coas súas ricas e detalladas descripcións nos permiten viaxar por todo un mundo imaxinario, creando universos enteiros só coas palabras. Neste sentido o primeiro autor da miña lista sería o Premio Nobel de Literatura, Gabriel García Márquez. Só de rememorar a lectura de Del amor y otros demonios sinto calafríos... ¡Qué maneira de describir a paixón amorosa! Lendo esta fermosísima novela do xenio colombiano podes sentir todas as fases do namoramento entre os dous protagonistas, Sierva María e Cayetano Alcino, quen se ven envoltos nunha historia de amor

prohibido que os levará a un estado de loucura e éxtase emocional narrado á perfección por Gabo. E seguindo con xenialidade descriptiva tam pouco pode faltar na miña lista José Saramago, outro Nobel. Nin Google Maps nin Google Earth nin toda a tecnoloxía do mundo podería xamais amosarnos todo un país da maneira na que o fai Saramago en Viaje a Portugal. Un libro case autobiográfico que nos regala unha viaxe pola memoria do autor a través do seu pensamento moral, como a historia dun viaxeiro dentro da viaxe, retomando a idea da matrioshka imaxinaria. E por último e non por iso menos importante, como mindoniense orgullosa que son, quero rematar co gran Álvaro Cunqueiro, quen coa súa infinita imaxinación e fantasía, é capaz de transformar o meu benquerido Bosque de Silva nunha selva tropical ou de traernos a Mondoñedo ao mesmísimo Mago Merlín. A capacidade de imaxinar é un recurso inesgotable da mente humana que debemos exercitar, polo que podo dicir con toda convicción que non viaxa quen non pode, senón quen non quere.

AXENDA

EVENTOS

TALLER DE MANUALIDADES
6, 13, 20 E 27 de novembro
Burela

A MARIÑA EN RUTA
7, 15, 21 de novembro
Mancomunidade

ALQUIMIA NA COCIÑA
7 de novembro
Burela



TEATRO: A VIAXE DO SEÑOR LÓPEZ
7 de novembro
Alfoz

OUTONO CULTURAL
7, 14, 20, 28 de novembro
Lourenzá

TEATRO: CARAPUCHIÑA VERMELLA
7 de novembro
Foz

TEATRO: AS PITAS BAIXO A CHOIVA
7 de novembro
Viveiro

TEATRO: O MEL NON CADUCA
7 de novembro
Burela

TEATRO: ROSALÍA
13 de novembro
Alfoz

XORNADAS DE HISTORIA
Do 9 ao 13 de novembro
Viveiro

XORNADAS DE PESCA
Do 20 ao 21 de novembro
Celeiro

CONCERTO DE OUTONO
21 de novembro
Bravos, Oural

MONÓLOGO DE SERXIO PAZOS
21 de novembro
Alfoz

DANZA: A SOIDADE DE WALLY
8 de novembro
Ribadeo

CONCERTO BANDA DE MÚSICA
21 de novembro
Ribadeo

MUCAB DANS
5 de decembro
Ribadeo

TEATRO: O MEU MUNDO NON É DESTE REINO
13 de decembro
Ribadeo



EXPOSICIÓNS

DON RICARDO DE FINGOI
Ata o día 7 de novembro
Viveiro

XANELAS AO MAR
Permanente
Locais de Ribadeo

CONCURSOS

NOVELA VILAR PONTE 2021
Ata o 2021
Viveiro

FOTOGRAFÍA
Ata o 19 de novembro
IES Monte Castelo (Burela)

VIDEO-RECEITAS
Ata o 22 de novembro
Mancomunidade

FOTOGRAFÍA
Ata o 30 de novembro
Alfoz

POSTAIS DE NADAL
Ata o 1 de decembro
Foz

a elección de...



José Antonio Quelle
Técnico de Cultura do Vicedo

un libro




Todos los nombres
de José Saramago

unha película



Trainspotting

un lugar para visitar



Praga

unha comida



Sardiñas asadas

un disco



But seriously
de Phil Collins

unha personaxe histórica



Rosalía de Castro

un sitio onde vivir



A Coruña

unha bebida



Cervexa

Máis eventos en:
www.amariñaxa.com

O Petisco
Viñoteca

Vinos de D.O. Galegos
Vinos de D.O. das diferentes rexións da xeografía nacional
Racións elaboradas con produtos da zona e coa calidade Galega

CALIDADE E BO PRECIO! - MONDOÑEDO MOLA!

Praza do Concello, 12, 27740 Mondoñedo, Lugo - Tel.: 627 792 015

amariñaxa
somal independente da mariña www.amariñaxa.com

Para calquera suxestión, información ou comentario
non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323 redaccion@amariñaxa.com

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

A Venecia de Mondoñedo

Un conxunto de canais sobrevive e alimenta o barrio dos Muíños, onde se concentraban todo tipo de artesáns

O barrio mindoniense coñecido como Os Muíños está situado na periferia do centro urbano, ao pé dunha das entradas tradicionais á cidade.

Era onde antigamente atopábanse talleres artesáns de oleiros e ferreiros, ademais de 10 ou 12 muíños que son os que lle dan nome. Destacan as canles de auga que atravesan o barrio, as pequenas pontes e lavadoiros e a Fonte dos Pelamios.

Na praza dos Muíños de Arriba atópase a pequena Capela de Santiago, do século XVI.

Na actualidade podemos notar a presenza da artesanía con canteiros, serigrafistas e monicreques.

Atravesado por canles de auga como se de Venecia se tratase, a súa proximidade ao centro urbano, á praza da Catedral, ao Seminario de Santa Catalina ou á Fonte Vella fanlle merecedor sen dúbida dunha visita.

A ponte romana do Pasatempo, que aparece na entrada ao barrio, recibe este nome debido á historia na que a muller de Pardo de Cela, en posesión do indulto dos Reis para salvar a vida do seu marido, foi entretida neste lugar polos canónigos mentres o Mariscal era axusticiado na praza da Catedral.

No barrio dos Muíños áchase a capela de Santiago, edificada a mediados do século XVII, e que garda tallas curiosas no seu retablo como a do apóstolo Santiago montando a cabalo.

As canles que todavía se ven traían auga do río Valiñadares para dar forza a muíños e outros enxeños hidráulicos cos que traballaban os panadeiros, ferreiros, carpinteiros, oleiros e moitísimos máis.

Mondoñedo foi capital dunha das antigas sete provincias galegas e sede episcopal desde tempos moi remotos. Toda esa poboación de mosteiros, conventos, catedrais seminarios e persoal administrativo, tanto laico como relixioso, tiña que ser fornecida diariamente de alimento e obxectos de uso. Aquí estaba boa parte desa subministración. Co desexo de revitalizar e impulsar a tradición artesá celébrase aquí agora todos os anos a Feira dos Muíños, con artesáns do barrio que abren as portas dos seus talleres ou

poñen os seus postos, do mesmo xeito que outros que veñen doutros lugares de Mondoñedo ou das comarcas do arredor.

Neste barrio artesán podemos ter a sorte de visitar algúns destes exemplos do traballo tradicional galego, hai zocas ou madreñas, forxas de ferreiros, pasteiros, madeiros, teares... e como non, oleiros, coñecidos como caxarreiros ou cazoleiros, que outrora tiñan os seus fornos estendidos por toda a cidade, especialmente en catro ou cinco dos seus barrios.



Catro vistas de lugares simbólicos e canais do barrio dos Muíños en Mondoñedo



VIVEIRO ASESORES
David Gómez Rosa - Colegiado Nº 2-1120 COAFGA

Asesoramiento fiscal, laboral y contable

Tramitación de subvenciones

Correduría de seguros

Gestión de comunidades de propietarios



Consejo General de Colegios
Administradores de Fincas
España



C/ Misericordia, 41, Viveiro
Telf.: 982 570 123
www.viveiroasesores.com